



ISBN:
DEPÓSITO LEGAL: OU-44/2006
EDITA: IES LAGOA DE ANTELA
MAQUETACIÓN, DISEÑO
E COORDINACIÓN XERAL: SARA LUISA VÁZQUEZ GUZMÁN
PROFESORA DE DEBUXO E PLÁSTICA NO IES
CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA
E COORDINACIÓN XERAL: PILAR BARANDELA SANDIANES
PROFESORA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO IES
CARME GÓMEZ GARCÍA
PROFESORA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA NO IES
COORDINACIÓN: BELÉN CASTRO LORENZO
PROFESORA DE LINGUA CASTELÁ NO IES
ROBERTO CID GALANTE
PROFESOR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA NO IES
TOMÁS GARCÍA GARCÍA
PROFESOR DE BIOLOXÍA NO IES
IMPRIME: IMGRAFOR, S.A.



ÍNDICE3

SAÚDO DO NOSO DIRECTOR. **ROBERTO CID GALANTE**5

SAÚDO DO DELEGADO PROVINCIAL. **GONZALO IGLESIAS SUEIRO**6

LIMIAR. **MARISÉ LÓPEZ**7

HOJA DEL LUNES8

HOJA DEL LUNES9

A PRIMEIRA PROMOCIÓN10

O PRIMEIRO CLAUSTRO11

ESCRIBEN PARA NÓS12

WEEK END. **MANOLO SEDANE**13

ELÉCTRICA ILUSIÓN. **ANTÓN RIVEIRO COELLO**15

LAGONEGRO. **EVA ROMERO NAFRÍA**17

... **XABIER ROMERO CASTRO**18

HISTORIA DE UNA ESCALERA. **MARIANO GUNDÍN FERNÁNDEZ**19

O DISFRACE AMARELO DA MIMOSA. **ANTÓN CORDERÍ**20

EU COIDABA QUE FOSE O DERRADEIRO. **XOSÉ IGNACIO LOSADA CASTILLO**22

LEMBRANZAS. **BELÉN CASTRO LORENZO**23

ERAN OUTROS TEMPOS. **MIGUEL RODRÍGUEZ QUELLE**25

1984. **VÍTOR DORRÍO CONDE**26

O ESPERTAR DUN ESPÍRITO REIVINDICATIVO E INCONFORMISTA. **XOSÉ M. PÉREZ BOUZA**28

REFLEXIÓNS DENDE OS TRINTA E TRES. **PILAR PENÍN PENÍN**29

A BELEZA DAS PEQUENAS COUSAS. **JAVIER LÓPEZ QUINTÁNS**31

E PORÉN AÍNDA SINTO. **PILAR SALGADO RODRÍGUEZ**32

O INSTITUTO DESDE A LEMBRANZA. **SORAYA BRIZ CID**33

... **LAURA SEARA SOBRADO**34

AMAÑECERES E SOLPORES. **DAVID TABOADA CASTELEIRO**35

O MEU PRIMEIRO DÍA. **CASTOR SALGADO RODRÍGUEZ**36

COMPOSTELA, 8 DE MARZO DE 2006. **MARÍA MÉNDEZ PÉREZ**37

A MIÑA PRIMEIRA VEZ. **MA ÁNGELES FERNÁNDEZ VILLARINO**38

... **XABIER GIL JARDÓN**39

O INSTITUTO. A PRIMEIRA GRAN EXPERIENCIA VITAL. **MANUELA IGLESIAS CID**41

SUBXECTIVAMENTE OBXECTIVO. **FRANCISCO A. GÓMEZ FEIJOO**43

DENDE BOSTON . **DAVID G. MÍGUEZ**44

APRENDER XUNTOS. **PILAR CID**46

25 ANOS DE INSTITUTO. **ALBA PROL CID**47

AQUEL SAN TOMÉ. **GABINO FARIÑAS**48

PLANTA ÁRBORES. **TOMÁS GARCÍA**50

CONCURSOS E.P.V. **ANA ESCUDERO HERNÁNDEZ**52

O DISEÑO INDUSTRIAL NOS ÚLTIMOS VINTE E CINCO ANOS. **IRIA PROL CID**54

FIXÉRONNOS A VIDA MÁIS DOADA56

CANTO CUSTABA?58

ÁLBUM DE FOTOS. **CARME GÓMEZ**60

AVENTURAS EN EUROPA. **OSCAR SOTO FERNÁNDEZ**63

MENS SANA. **ERNESTO LARREA**66

LEMBRÁMONOS. **BEATRIZ CABRERA. SANDRA CAMPO. BELÉN GONZÁLEZ**67

A BIBLIOTECA. ESA GRAN DESCOÑECIDA. **ANA ESCUDERO HERNÁNDEZ**68

PLANO DE ACOLLIDA Ó ALUMNO INMIGRANTE. **JULIO GÓMEZ**70

APRENDER UN OFICIO NO IES74

... **ALBA PAZOS GÓMEZ**75

COMO RESUMIR... **RAQUEL CARRASCO BAILÓN**76

... **ANTONIO HERNÁNDEZ**77

ASÍ SOMOS HOXE78

1980-2005



ROBERTO CID GALANTE

DIRECTOR DO IES LAGOA DE ANTELA

PROFESOR DE XEOGRAFÍA E HISTORIA



SAÚDO DO NOSO DIRECTOR

Parece que foi onte.

Este número especial da nosa revista quere ser antes que nada unha homenaxe ós membros da nosa comunidade educativa.

Un universo complexo de centos de persoas que, ó longo destes 25 anos contribuíron a facer de nós o que hoxe somos. A todos o noso agradecemento. Ó alumnado que viviu as nosas aulas como paso previo ó seu desenvolvemento ulterior, tanto profesional como persoal. Ó profesorado que, durante tantos cursos, deixou a súa indeleble pegada nos espazos, nas mentes, nos corazóns. Ó persoal de administración e servizos, pilares fundamentais para o sostemento do edificio, á vez físico e virtual, que é un centro educativo. Ás nais e ós pais que participaron

activamente no desenvolvemento da nosa actividade e souberon entender as dificultades que esta comporta.

É fermoso voltar a vista a atrás e repasar luces e sombras. Pero é esperanzador mirar cara adiante. Por iso a conmemoración do noso 25 aniversario non supón un fin en si mesma. É, antes que nada, o principio dos segundos 25 anos dunha institución convertida xa, por dereito propio, en peza básica do entramado sociocultural da Limia. Unha institución que pretende ofrecer cada vez máis: máis oferta educativa, máis integración, máis actividades complementarias. Unha institución que pretende ofrecer cada vez mellor: mellor formación, mellores recursos, mellores servizos. Estamos obxectivamente satisfeitos do conseguido, pero pretendemos seguir loitando por acadar a utopía. É un labor de todos. Contamos coa vosa axuda.

GONZALO IGLESIAS SUEIRO

DELEGADO PROVINCIAL DE EDUCACIÓN.

EX-PROFESOR DE MATEMÁTICAS DO I.E.S. LAGOA DE ANTELA



SAÚDO DO DELEGADO PROVINCIAL

Anatole Thibault France, escritor francés morto en 1924 afirmaba: "Pódese alcanzar felicidade, sabendo gozar das lembranzas". Esta reflexión converteuse en min nun axioma, sobre todo nos últimos anos da miña vida. Os seres humanos imos acumulando vivencias que depositamos no máis fondo do pensamento, esa inmensa biblioteca persoal que configura o coñecemento empírico. Coñecemento que vai igualando o saber do ser humano na medida que vai consumindo o seu tempo terrenal.

¡Cantas imaxes se nos aparecen nos soños sen que nós poidamos controlalas! Unhas pracenteiras, outras angustiosas, as máis mesturan o onírico coa realidade. Os desexos, os temores, o medo, o pracer... todo iso pode irromper sen previo aviso, pero sempre ten unha orixe: as nosas lembranzas.

Os retos eran moitos. Nas primeiras eleccións ás corporacións locais no ano 1979 en Xinzo foron elixidos dezasete concelleiros, por certo ningunha muller, oito da extinta UCD (partido de Adolfo Suárez, daquela presidente do Goberno), catro do Partido Comunista de Galicia, tres de AP (o partido de Fraga Iribarne), un do PSOE e un do BNG. Esta corporación, en colaboración coa única asociación de veciños, xestionou a posta en marcha do novo instituto. Primeiro había que ceder os terreos no Toural, hoxe convertido en xardín. O centro construíuse con rapidez. O primeiro director, Luís López

Grillé, iniciou a matrícula nas instalacións municipais e moitos adultos, que non remataran no seu día os estudos medios, matricularonse. O instituto era unha novidade, os estudantes da Limia xa tiñan onde continuar os seus estudos sen ter que desprazarse ou abandonar por falta de medios.

España mudaba e Xinzo iniciaba unha nova senda.

Otero Novas, ministro de Educación e Ciencia, e José Quiroga, presidente da Xunta de Galicia, inaugurárono o día 31 de agosto de 1980. Eu, daquela, era militante e concelleiro do Partido Comunista, secretario do colexio público "Rosalía de Castro" e profesor de matemáticas no mesmo centro. Democracia, servizos, participación, debates, dereitos e deberes... Cantas novidades, canta ilusión. As aulas, con ratios de corenta alumnos. Os profesores, moi novos, mal pagados, con dedicación absoluta pero con moitas ganas de servir á sociedade. Os alumnos, esperanzados por acadar o éxito nun futuro incerto.

Desde aquel afastado tempo, neste instituto foron pasando centos, miles de alumnos, moitos xa son pais, nais e, máis dun, avó. A sociedade incorporounos a distintos postos: uns, avogados, outros médicos, profesores, empregados, obreiros, empresarios ou labregos. Das ducias de profesores que exerceron nel a docencia, algúns morreron, outros xubiláronse, a maioría trasladouse a outras terras. Hoxe, ningún dos fundadores continúa no Centro. Penso que estamos en débeda con eles, son os cimentos. E, en todo edificio, a cimentación é garantía do futuro.

As seguintes promocións seguiron enchendo o instituto de vida ¿Cantos amores xurdiron nas aulas? ¿Cantas ilusións se cumpriron? ¿Cantas frustracións? ¿Cantos amigos selaron unha relación de afectividade? Estes muros gardan moitas historias persoais e foron testemuña de moitos sorrisos e bágoas.

Pasaron vintecinco anos e hoxe, por azar do destino, son Delegado Provincial de Educación, onte mestre neste instituto e mañá, probablemente, un vello profesor xubilado que, como discípulo de Anatole France, pretende humildemente transmitir que as lembranzas a un bo cidadán prodúcenlle, cando menos, un pouco de felicidade. ■

LIMIA R

Fai vinte e cinco anos que se inaugurou o IES "Lagoa de Antela" de Xinzo. Era un día do mes de outubro. Comenzaba o curso académico 1980-81. Daquela non tiña nome, durante moito tempo chamouse simplemente Instituto de Bacharelato Mixto. Pero o nome era o de menos: había un instituto. Iso era realmente o importante para a comarca da Limia. Xa non había que viaxar a Ourense para facer o bacharelato. As familias xa non tiñan que calcular canto custaba o internado ou a pensión. A algúns non lles era necesario facer estes cálculos: uns porque os seus recursos eran sobrados para estes gastos, outros porque de ningún xeito se podían afrontar a eles.

Así nesta data, cumpríase o soño de moita xente: o ensino secundario deixaba de ser un problema para os habitantes das comarcas rurais. Rompíase así a última barreira que dividía a poboación urbana, con fácil acceso ó mundo da cultura, da poboación rural. Pois é o nivel educativo o que nos iguala.

Centos de alumnos de toda a comarca da Limia pasaron polas aulas do IES. Pero serán eles mesmos os que nos contarán a súa experiencia no centro.

Nós, os profesores e profesoras, diremos cal é a nosa intención, o noso deber: a formación de cidadáns libres, con espírito crítico. Para isto é imprescindible que fagamos ben o noso traballo: a transmisión de coñecementos sen os cales estamos a mercé dunha das máis terribles lacras da humanidade, a que converte os pobos en masas fáciles de dominar e de enganar: a ignorancia.

Non hai nada máis desexable para un ser humano que ter intelixencia natural pero esta intelixencia natural unida á educación crea unha persoa que pode pensar por si mesma, que pode decidir libremente sobre a súa vida, que pode criticar a sociedade, que sabe afrontarse a normas establecidas que é preciso cambiar. Créase un cidadán libre que só pode vivir nunha sociedade libre.

É deber dos profesores e profesoras educar os alumnos e as alumnas de tal xeito que aprendan a vivir, a pensar e a decidir libremente...e tamén a ter presente que a "nosa liberdade termina onde empezan os dereitos dos demais."

O éxito do noso traballo radica nesta formación: non importa que sexan enxeñeiros, mecánicos, xornalistas, comerciantes, etc. se son quen de pensar por si mesmos e nós fomos parte da súa formación. Para que o instituto funcionase foi preciso ó longo destes 25 anos o esforzo de moita xente:

- as limpadoras, que conseguen que cada mañá entremos nun centro en perfectas condicións de limpeza e hixiene.
- o persoal de administración e servizos,
- o claustro de profesores
- o Consello Escolar
- os equipos directivos

1991-2005

delio

BICICLETAS

**ORENSE
VIGO**

HOJA DEL LUNES

EDITADA POR LA ASOCIACION DE LA PRENSA DE ORENSE

1 DE SEPTIEMBRE DE 1980
AÑO 30 - NUM. 1.341

Director: ALEJANDRO CUTEIRIRO RODRIGUEZ
deposito legal: or.7/1958 - redacción, administración y talleres: LA REGION
Cardenal Quiroga 11 y 15, teléfonos: 2146 04 y 2113 27

PRECIO
25 Pts.

delio

PUERICULTURA

**ORENSE
VIGO**

FINALIZAN LAS HUELGAS EN POLONIA



- * Representantes de los trabajadores y el Gobierno firmaron un amplio acuerdo.
- * Respiro de alivio en las cancillerías tanto occidentales como de los países del este.

PAGINA 17

EL MINISTRO DE EDUCACION INAUGURA VARIOS CENTROS ESCOLARES

EL PROXIMO AÑO JUAN PABLO II TAMBIEN VISITARA GRAN BRETAÑA

- * El viaje de un Papa a un país anglicano ha despertado numerosas especulaciones.

PAGINA 16



- * El colegio comarcal de Cortegada llevará el nombre de "Otero Novas".
- * Puesta en marcha del Instituto de BUP de Xinzo.

ORENSE.- Durante todo el día de ayer, el ministro de Educación, señor Otero Novas, ha recorrido distintos puntos de la provincia, donde ha procedido a la inauguración de varios centros escolares. Por la mañana estuvo en Astariz, Crespos y Cortegada, mientras que por la tarde se trasladó a la villa de Xinzo.

El ministro tiene previsto proseguir durante el día de hoy su actividad en la provincia. - (Foto Camilo Guade).

PAGINA 5

VIAJES-EXCURSIONES



AUTOCARES * TURISMOS
CAMIONES * AMPLIACIONES

Sardi
SERVICIO PERMANENTE
DIAGONAL 16 - ORENSE
Tel. 214128-213941-222600

FELIPE GONZALEZ Y MARIO SOARES SE REUNEN EN VIANA DO CASTELO

- * Acordaron colaborar para favorecer el ingreso de los países ibéricos en la C.E.E.
- * El líder socialista español dijo que Suárez debe presentar un programa o dimitir.

PAGINA 16



ADIOS A LA "SEÑORA ROPPER"

LONDRES.- La conocida actriz de series de televisión, especialmente en Inglaterra y España, Yohana Joyce, falleció a mediados de la pasada semana en un hospital londinense, a consecuencia de una cirrosis. La actriz era especialmente conocida por su personaje de la "señora Ropper", con el cual obtuvo fama universal.

Durante muchas semanas, la actriz hizo pasar a millones de personas que la seguían por las pantallas de televisión, gratos momentos por sus interpretaciones humorísticas. Ahora, su muerte deja un hueco que la industria de la televisión ha de cubrir con dificultad. - (Foto Archivo).

HOJA DEL LUNES

3 de setembro de 1980

- ano 30

- num. 1341.

Prezo 25 pts.

JUAN PABLO II

TAMÉN VISITARÁ GRAN BRETAÑA

Juan Pablo II foi o Papa máis viaxeiro da historia. Sen ir máis lonxe, no ano 1980 visitou Francia, Brasil e varios países africanos. A noticia do día era o anuncio dunha visita a Gran Bretaña: a primeira que efectuaba ó país anglicano un Papa católico. Ó final, a viaxe tivo lugar no 1982, un ano no que Xoan Pablo visitou, ademais, Arxentina, Nixeria, Portugal e España.


O MINISTRO DE EDUCACIÓN INAUGURA VARIOS CENTROS ESCOLARES.

POSTA EN MARCHA DO INSTITUTO DE XINZO

José Manuel Otero Novas, avogado vigués, e ministro de educación no goberno de Adolfo Suárez. Participou activamente na transición á democracia. Promoveu o Estatuto de Centros Escolares que estableceu a liberdade de ensinanza, construíu e puxo en funcionamento 930.000 novos postos escolares públicos, promoveu e asinou os decretos que incorporaron o galego, o catalán e o éuscaro ó sistema educativo.

REMATAN AS FOLGAS EN POLONIA

No ano 1980 non só naceu o instituto. Lech Walesa organizou e dirixiu en



Polonia o sindicato SOLIDARIDADE, a primeira organización sindical independente do que, por aquel entón, era o bloque comunista. Por esa época converteuse no líder das protestas no

asteleiro de Gdansk, protestas que obrigaron o goberno a recoñecer o dereito dos traballadores a organizarse libremente. O comité de folga transformouse nunha federación de sindicatos á que se adheriron máis de 10 millóns de polacos. O éxito foi efímero porque, ante as ameazas soviéticas, o goberno polaco impuxo a lei marcial e o xeneral Jaruzelzki estableceu unha ditadura militar. Walesa foi encarcerado. Tres anos despois recibiría o Nobel da Paz e no 1990 convertírase en presidente de Polonia.

FELIPE GONZÁLEZ E MARIO SOARES REÚNENSE EN VIANA DO CASTELO



No ano 80 aínda se estaba lonxe de acadar o que hoxe é a Unión Europea. Daquela, 9 paí-

ses constituían o que se chamaba CEE (Comunidade Económica Europea): Bélxica, República Federal Alemana, Francia, Italia, Países Baixos, Luxemburgo, Dinamarca, Reino Unido e Irlanda. Tres países máis, España, Portugal e Grecia estaban chaman-

do ás portas daquel clube tan elitista. Para falar da cuestión, os líderes socialistas dos dous países ibéricos mantiveron unha xuntanza na cidade onde desemboca o río Limia. Dous anos despois Felipe González accedería á presidencia do goberno tras gañar as eleccións con maioría



Os luns non se editaban xornais en España: os traballadores tiñan dereito ó seu descanso dominical. Pero durante a ditadura de Primo de Rivera ditouse unha disposición segundo a cal, en determinadas circunstancias, podíase saltar esa prohibición. Acolléndose a ese dereito, e co fin de recadar fondos, as distintas Asociacións de Prensa de cada provincia empezaron a publicar unha "Hoja del lunes". Durante a tempada futbolística a maioría das súas páxinas dedicábanse ó deporte. As 25 pesetas do prezo virían sendo uns 0'15 € dos de hoxe.





ADEUS Á "SEÑORA ROPPER"

Os Ropper, George e Mildred, veñen de mudarse a un barrio de clase media. Mildred tenta aproveitar o cambio para subir na escala social, e o único que consegue é aparecer cada vez máis snob, mentres que George só quere o de sempre: ver televisión, beber cervexa e... nada de sexo. Este é o punto de arranque dunha serie televisiva da BBC británica que bateu récords de audiencia en todo o mundo. A mellor proba do éxito acadado no noso país é o tratamento dado á noticia do falecemento da actriz protagonista.

A PRIMEIRA PROMOCIÓN

I. B. Xinzo de Limia
Primera Promoción de Bachilleres
(1.980 - 1.982)



ESTRELLA DE SAA
NIEVES VILA
ROSA GLEZ.
M^a AMPARO PEREIRA
MANUEL CERDEIRO
AGUSTÍN FERREIRO
ESTHER RODRÍGUEZ
M^a LUZ FUENTES
BENITO BOUZA
ARTURO CUBERO
ANGELES ARIAS
JOSÉ MANUEL GARCÍA

JUÁN RAMÓN RODRÍGUEZ
AGUSTÍN FERREIRO
JOSÉ MANUEL GARRIDO
M^a CARMEN LORENZO
M^a CARMEN DÍAZ
LUIS E. SEIJO

M^a CARMEN POZO
ANTONIO RIVERO
DANIEL GUDE

FLORENTINA RECAREY
ANTONIA ALONSO
M^a CARMEN BARRIO
DORINDA PÉREZ
ESTHER CASAL

LUISA LASO
JOSÉ BADÁS
ARTURO BRAVO
MANUELA RODRÍGUEZ

MANUEL RODRÍGUEZ
JOSEFA TABOADA
JULIO BLANCO
GASPAR ROMERO
CRISTINA BARRIO

O PRIMEIRO CLAUSTRO



ALBERTO FERNÁNDEZ, MARITA SOUTO, CIPRIANO NÚÑEZ, RITA VÁZQUEZ, M^A LUISA CONDE, JOSEFINA CAMAFEITA, CELIA REGAL, RAÚL ALONSO, FLORENCIO GÁNDARA, CARMEN DÍAZ, FRANCISCO MAGIDE, CARMEN PADRÓN, FRANCISCO ÁLVAREZ, VICTORIA BASILLA, JOSÉ ANTONIO FORTES, M^A JESÚS SÁNCHEZ, M^A TERESA ESTÉVEZ, ISIDRO CABERO E ,FACENDO A FOTO, LUIS LÓPEZ GRILLÉ (DIRECTOR).

ESCRIBEN PARA NÓS

WEEK END

XOVES 26 DE OUTUBRO SANTA PAULINA

Tiña ben memorizado que a forma correcta de agarrar o teléfono era falar polo lado do cable e escoitar polo contrario. Pero o nerviosismo de ir ás carreiras ata a portería do colexio logo de oír polos altofalantes o meu nome seguido do inevitable "tiene conferencia" fixo que, atrapalladamente, o agarrase do revés. De contado me decatei do fallo, pero o temor de cortar a comunicación se cambiaba a posición, fixo que dificultosamente recoñecese o meu padriño que rachaba aquela miña virxindade telecomunicativa, para anunciarme que pasaría a recollerme no día seguinte, venres, unha vez rematasen as clases da tarde.

Amoloume perder a buliciosa viaxe dos venres no "coche de línea", e máis aínda o temor a marearme naquel Mercedes 180 polas curvas do Rodicio, de camiño ós Milagros para recoller o meu primo.

De volta ó patio, entre satisfeito e frustrado, resolvín non contarlle a ningún a torpeza da miña primeira vez, e argallei a forma de atentar contra da liña de teléfonos que pasaba diante da miña casa de Laroá, para que os de Baltar non nos abafasen lembrándonos o noso atraso.

VENRES 14 DE NOVIEMBRE ... SANTA GERTRUDIS

O bulicio dos venres na administración do Villalón, e logo no autobús, prolongábase pola noite cando eu chegaba á casa, e os mozos de Laroá argallaban a fin de semana en torno ó braseiro que, coma se do Sagrario se tratase, a miña tía Manuela mantiña aceso o inverno enteiro. Vivir cun café na casa ten os seus inconvenientes e as súas vantaxes.

Pero aquel venres cocéuseme o corpo cando abrín a porta e os vin a todos calados. "Morreu o Toño" foi o saúdo que me deixou sen fala. Subín ó meu cuarto e senteime a cavilar. Era o fillo pequeno do "Gaiteiro", e aínda que tiña algúns anos máis ca nós, a súa inocencia convertíao nun bo compañeiro. A súa afección polas series televisivas

facía que o seu alcume fose mudando de Tarzán a Kojak ou Curro Jiménez. Pero sempre perduraba o de "Totoño", cunha sílaba engadida que lle deixara, nun San Brais, o estourido dun foguete, xunto cunha man algo eivada, e o tatexar na fala.

Aquela estraña enfermidade levouno mozo en poucos días, e levou as complicidades das tardes invernais de domingo. Saídas motorizadas para sufrir as proxeccións "S" do cine Maricel, devorar uns morunos na "Túa Casa", e voltar a Laroá, antes de que comezase a emisión da serie de turno.

SÁBADO 9 DE MAIO SAN GREGORIO

No principal titular de portada do diario "La Región" do luns 11 de Maio, debaixo dunha grande foto reza: FORMIDABLE TORMENTA DE GRANIZO EN LAROÁ.

Era a principal noticia pese a que o mesmo día o ministro de xustiza inauguraba a nova prisión do Pereiro.

Co fin de ter o campo listo para o partido do domingo, o Serafín do Toño e mais eu, afrontabamos a titánica tarefa de segar a herba do terreo de xogo cun pequeno cortador de xardín. Serían as sete da tarde cando comezou a escarabana, con tal forza, e pedras tan grandes, que non puidemos máis que correr a refuxiarnos abandonando toda ferramenta. O primeiro que me amolou foi ver como tiraba as cirolañas, que eran xa coma olivas, pero trala froita ían as follas e os gromos, e as pólas ata deixar as árbores espidas.

O cachón de auga baixaba coa sarabia coma un alude, e levaba a terra das leiras e atoaba os camiños con toneladas de pedras e terra. Os coches atascados na estrada. A estraña nevada acadaba máis dun metro de altura. Por sorte a fin do mundo non durou máis alá de dúas horas.

Xa chegara a noite cando houbo que afanarse en achicar a auga das casas, sacar o lodo, e a facenda das cortes, e rezar ás escuras.

Á mañá seguinte, logo de recoller a segadora, subín ata o Cabaliño, para aterrarme vendo o pobo completamente branco, pero exclusivamente no perímetro das casas, non observándose ningunha anomalía cen metros máis alá.

Visitounos o alcalde Vila, e o presidente Victorino, para ver de reparar os danos que se cifraron en máis de sesenta millóns de pesetas. Pero a visita que máis precisabamos era a de Monseñor Temiño, porque resultaba evidente, e así o pode testemuñar aínda hoxe miña nai, que se trataba dun castigo sobrenatural. E o motivo non podía ser outro

que o de non terlle ofrecido nos últimos anos a tradicional misíña a San Gregorio, que precisamente debía celebrarse naquel día para preservar os campos das pestes.

DOMINGO 19 DE SETEMBRO SAN XENARO

Nesta fin de semana rexeran as "faltas" e non acadei permiso para ir á casa. As semanas que contan os suspensos non teño problema, pero coas "faltas", esas anotacións que fai o "Hermano" cando te pilla en algo que non lle agrada, resulta máis complicado.

Por sorte os domingos non se comía tan mal no internado, e aínda que eu sempre tiña que ler na misa, pola tarde levaríannos a dar un paseo.

Fomos a Oira, a alí deixáronnos o tempo libre para que cada un voltase pola súa conta. Gaio, Lois e eu decidimos camiñar á beira do río por se apañabamos algún acio de uvas. Pero nós fomos os apañados cando nos sorprenderon os de "Vichita" para alixearnos das "calderillas".

Máis ca nós asustáronse eles, ó ver no canto dos dous ou tres pesos que esperaban atopar, as catro mil cincocentas que eu gardaba para mercar os libros do curso.

Cando negociamos para que nos devolvesen o groso do botín quedándose só con mil pesetas e o solto, xa pediramos reforzos, xa os tiñamos acurrallados, e xa deramos parte á Garda Civil, que acudiu con máis eficacia da que podíamos imaxinar. Tanto foi así que non tería pasado máis dunha hora cando nos chamaron ó cuartel para recoller os cartos e ver como lles daban ós coitados unha soberana malleira, mentres un deles repetía que as mil pesetas llas tiña dado eu.

O relato dos feitos que lle fixemos ó "Hermano Pantera" coa heroicidade da nosa aventura e certa fachenda, non debeu ser ben interpretado, porque para a nosa sorpresa castigounos no estudo e sen saír. Alí comezou o meu remordemento por non terlle deixado as mil pesetas, podía perfectamente aforralas na doazón que cada luns facía ó "Diez por Ciento". E aínda hoxe penso que sen o libro de Formación do Espírito Nacional e sen o carísimo "Observo y Dibujo" podería ter pasado de curso coa mesma preparación.



LUS 21 DE XANEIRO SANTA INÉS

Chova coma hoxe, ou neve, o "Auto Industrial" chega a Laroá con puntualidade suíza. Tal é así que o "Torritas" pon o reloxo en hora polo "coche de línea". Entre as sete e cuarto e as sete e media da mañá, aparca na discrecional, e alí cada luns estou eu co meu "Fin de Semana" ó ombreiro, e a angustia de ter que voltar ó internado. E menos mal que agora veño cada semana, e non coma cando era cativo, que no trimestre viña como moito unha vez.

En poucos minutos estamos no Café Marucho en Xinzo. Aínda é noite, e non se pode perder tempo para coller o "Villalón". Temos que facer transbordo, porque o Auto Industrial vai rodear por Celanova e tarda o demo.

No Café Antela, parada oficial do Villalón, os luns cómpre andar agudos, porque van varios coches de liña, con estudantes; algúns veñen de Verín e outros parten de aquí, pero o malo é que se non pillas o adecuado corres o risco de ir pola estrada vella ou entrar en Allariz, acu-

mulando o suficiente atraso para non chegar ás nove ó colexio, e quedar castigado sen recreo. Tamén pode ser que teñas que ir de pé no corredor, e non só é molesto aturar os tres cuartos de hora negociando as curvas contra o respaldo dos asentos, senón a temida posibilidade de mareo, o cal sería a desfeita do meu escaso prestixio.

O bulebulé dos venres pola tarde, transfórmase os luns no máis fondo dos silencios que permite escoitar o refollar dos últimos repasos á Física para o exame das dez, e a voz máis grave dalgunha persoa maior que vai ó médico a Ourense. Corta ese sopor o asubiar do Placer que dende a porta traseira lle ordena ó conductor - Vamonooooóos.

Ó meu carón senta Javier, que espera ansioso a seguinte parada, apenas camiñado un quilómetro, porque no Hostal Mazaira subirán as xemelgas. A min, que non acabo de distinguilas, parécenme as dúas moi guapas, pero el ten a súa preferida.

Outro asubío antes da arrancada, para pasar diante da Boisite na que a estas horas xa se traballa a tope, o mesmo que nas obras do terreo seguinte, onde seica se está a construír o novo instituto. ■

ELÉCTRICA ILUSIÓN

Lanzo unha ollada cobizosa cara atrás e miro de captar os recordos lentos deses anos de cambio nos que daba os primeiros bafos de existencia o Instituto de Xinzo. Non me é doado apalpar a carne de moitos intres deses anos; non sei se por mor da miña memoria anárquica ou cecais pola itinerante mestura de colexios nos que estiven até chegar ao Instituto (Grupos, Sergio Mascareñas, Rosalía de Castro, Salesianos de Cambados, de León e de Ourense). O certo é que volver atrás sempre ten algo de perda e eu concordo coas palabras de Valle-Inclán que din que non somos o que vemos senón o que lembramos, e eu apenas lembro algunhas cousas que trato de recoñecer nos obxectos que aparecen nas poucas fotografías deses anos.

Os obxectos nos que estoupan máis imaxes son dous: unha guitarra eléctrica e un equipo de música que acadei logo de aprobar COU e mais a selectividade. Non obstante, a dialéctica con eses retratos non son máis ca un certificado de presenza que teño que reconstruír cun chisco de imaxina-

ción. É a escrita a que nos axuda a atrapar as cousas, cando menos, a acariñalas. A escrita cúranos desa doenza de perda e baleiro. Por iso prefiro debuxar na cabeza a imaxe dun mes de setembro de 1980 cando unha morea de mozos e mozas, estremecidos pola novidade, baixamos dos autocares e ocupamos os banzos das escaleiras exteriores coma se estivésemos enchendo a bancada dun estadio. Algún, solitario aínda, mira para todos cun tímido aire de descuberta. Outros, arremuiñados en grupos, falan con euforia coma se xa coñecesen todo de vello. Por fin, Emilio, o conserxe irmán de Dulce María, a miña primeira moza tristemente falecida, mándanos pasar e todos entramos no centro e buscamos os nosos nomes nas listas publicadas nos taboleiros. Ole a novo e adaptamos o noso entusiasmo ao silencio interior do edificio. Vemos profesores polos corredores, e Luís, o director, pronuncia as primeiras palabras para encetar o ano académico. Cecais non foi así, pero puido telo sido.

Daqueles anos só conservo fisicamente o título de BUP e mais o libro de escolaridade, no que está impresa unha miña foto aos catorce anos. Na procura dalgunha suxestión, rastreio as cualificacións e as materias e apenas me vén a imaxe de media ducia de profesores que, por unha razón ou outra, deixaron algunha pegada no encerado da miña memoria. Os que máis lembro son Rita, a profesora de francés, unha excelente persoa da que hoxe me gabo de ser amigo e que tivo o seu primeiro destino no centro; Paco Magide, o profesor de Historia, un ser de pouca envergadura física, pero sempre activo, e cun pasado comunista que colleu forza de seu o día do golpe de Tejero, porque se dicía que seica marchara fungando para Portugal no seu Renault 5 amarelo. Vén á miña memoria tamén unha descomunal profesora de grego e, sobre todo, Luís, o director do centro,

un ser atípico, con certo halo sacerdotal, entregado ao coitado do centro cunha dedicación profesional. Era profesor de lingua castelá e a súa vocación docente ficou para min patente cando, nunha das súas orixinais clases, espiu toda a súa emoción literaria para nos recitar un poema de Miguel Hernández. As súas palabras, tocadas polo pranto, convertéronse para nós na primeira experiencia mística dun recitado en directo. Era, dende logo, un ser memorable que hoxe vexo cunha ollada distinta, porque naqueles tempos eu aínda non frecuentara nin a poesía nin a novela. Daquela a miña única teima era a cobiza de ser un grande guitarrista de rock.

Ao esquecemento dalgúns profesores hei de engadir o dalgúns compañeiros cos que me levaba e que agora apenas son rostros que fican suspensos nalgún lugar da inconsciencia; rapaces de Boado, Piñeira, Lamas, Cortegada, Baronzás, Vilar de Barrio..., mesmo algúns de Xinzo dos que o nome se esfarela na arteza dos tempos idos.

De calquera maneira, o alento deses anos, a respiración desa época na que era doado fabricarmos soños, coído que deixou un rastro definitivo nas nosas vidas, aínda que eu non sei calcular que queda deses anos dentro da miña obra literaria. Cecais a música. Si, a música habitaba todas as conversas e nas palabras multitudinarias dos recreos era doado escoitar nomes e rifas sobre os grupos preferidos de cadaquén. Esa voz plural aínda vibra na memoria, e a euforia coa que a

nosa xeración viviu a música tiña unha compoñente física, mesmo convulsiva que nos amarraba aos bafles do Ideal 6 ou á execución de punteos ficticios no aire coma se alí se debuxase un pentagrama de paixóns. Moitos dos que estabamos no Instituto neses anos, tivemos a sorte de compartir aqueles inesquecibles concertos de Estramonio nos que se sementaba nalgúns de nós a ilusión confluyente de formarmos un grupo de rock. Por iso, cando os meus pais me prometeron un xeneroso agasallo se aprobaba a selectividade, o meu desexo non reparou nunha moto senón nunha guitarra eléctrica e mais nun bo equipo de música que remataron por converter a miña casa nun agresivo bazar de notas. Alí, á par daqueles altofalantes de tres vías, os meus amigos e mais eu convocabamos a nosa paixón pola música e mesmo esquecíamos a Sócrates, Junior, Maradona ou Paolo Rossi, que triunfaban no mundial celebrado en España.



Teño a sensación de que hai algo de melancolía nesta volta atrás e non sei ao certo se fun consciente de que a García Márquez lle daban o Nóbel de literatura ou de que o PSOE estaba a piques de acceder ao poder; máis ben creo que case todos viviamos ese tempo dun xeito natural e só estabamos

condicionados pola nosa ollada adolescente e a descuberta das nosas vocacións, abeirados ao estoupido metálico que xurdía daquel aparato Phillips, acariñando unha guitarra eléctrica en cuxos trastes se debuxaban as avelaiñas dunha ilusión. ■

“LAGONEGRO”

Lagonegro soaba a conto, a maxia, a aventura... Non parecía posible que fose o nome dun lugar... foi maxia ata que o atopei no mapa... entón converteuse nun lugar real, no sur de Italia, un lugar que aparecía no atlas, entre Nápoles e o Estreito de Messina; un pobo posiblemente case insignificante na magnitude de Italia, pero que a partir daquel día de xaneiro foi parte dun soño, dunha ilusión nos días de inverno da Limia.

Lagonegro era o lugar onde iríamos de viaxe, de intercambio cultural; eles ían vir primeiro a Xinzo, eles, rapaces coma nós, estudantes italianos, que posiblemente buscaran nun atlas onde estaba Xinzo de Limia...

Levabamos todo o curso ilusionados coa viaxe, aquela viaxe tan diferente ao vivido antes, tan exótica, tan irreal que parecía non chegar nunca; que era só un conto que nunca se faría realidade. Agora xa tiñamos o nome daquela que ía ser a nosa vila por algún tempo, xa tiñamos incluso os nomes daqueles que serían estudantes en Xinzo, hóspedes nas nosas casas e que tempo despois ían ser os que nos acolleran na nosa aventura italiana: Nadia Chiarelli, Teresa Cartolano, Michele Iudici... Así ata doce novos nomes nas nosas vidas.

E chegou febreiro e xunto co Entroido chegaron eles, vindos de tan lonxe, de Lagonegro... Alí estaban, na estación de autobuses de Xinzo, tan pequena decoitío e tan grande aquel martes de febreiro. Maletas, risas, présa, xoldra, alegría...

E co descoñecido, vindo de tan lonxe, chegou unha nova maneira de ver as cousas, de vivir a vida, de facerse grandes. Non fixo falla unha lingua común, entendiámonos ben, comezamos un vínculo de amizade galego-italiana aos poucos días.



Pasou o Entroido e os días normais de escola, pasaron sen ser normais porque a maxia estaba entre nós...

Estiveron connosco nun tempo que foi e ao mesmo tempo non foi; pasou rápido, nin nos demos de conta. Chegaron e marcharon, non nos deu tempo a saborealo, a sermos conscientes de que había uns estraños nas nosas vidas, nin a eles a darse de conta de que estaban lonxe, moi lonxe da súa casa.

Marcharon tristes e co mel nos beizos, coas gañas de descubrir máis, de quedar un pouco máis.

Así que eles partiron, nós comezamos a facer as nosas maletas. Primeiro maletas imaxinarias, nas nosas mentes, a pensar como sería Lagonegro, o instituto, as familias, e tempo despois foron maletas reais, cheas de ilusión por realizar a viaxe máis longa das nosas vidas, sós, sen pais, a un país afastado...

E alí marchamos, os liamios rumbo a Italia...

Roma estábanos a agardar; nunca pensaron os nosos ollos ver tanta fermosura. E despois de Roma, o longo camiño ao sur...

Alí estaban todos, impacientes, coma un mes antes estivemos nós en Xinzo ...

Bicos, apertas, risos e algunha bágoa... festa, amizade desa estraña que se sente cando todo ao teu redor é case ilusión, cando non podes crer que todo iso che estea a ocorrer.

Foi un tempo que non se pode esquecer, foi para sempre, fomos italianos en Lagonegro, fomos parte da súa paisaxe e do seu vento, das súas risas, a súa xente...

Fomos felices lonxe da casa, fomos adolescentes cunha oportunidade de ouro; rapaces coa sorte de ver a vida dende outro lado, de descubrir, antes ca o resto, que existen outros mundos que se achegan a nós por medio da xente, que existen lazos invisibles que unen territorios e ao mesmo tempo rompen fronteiras, que non fai falla o idioma cando queres comunicarte con alguén, que o mundo é moito máis pequeno do que o ve o ollo humano.

Medramos un pouco no noso exilio voluntario, facendo amigos especiais, amigos que sete anos despois seguen chamando a miúdo, felicitando o Nadal, amigos que medraron ao noso lado, amigos que han quedar na lembranza de cada un de nós que fomos alí. ■

XABIER ROMERO CASTRO

LCCO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA.

DIRECTOR DO COLEXIO GUILLELME BROWN.

**Unha estrada:**

Para nós sempre foi o Instituto, sen máis. A súa creación transformou a nacional cincocentos vinte e cinco nun formigueiro a partir das oito da mañá. Unha rutineira peregrinaxe de mozos e mozas colonizaba todos os días aquela vía que nos unía co mundo. Naquel entón non había beirarrúas. Camiñabamos polas estreitas marxes dunha beiravía ridícula, temeraria. O ímpeto do paso dos camións levábanos polo aire. Non importaba. Facíanos máis libres pasear. Un par de cigarrillos, unha boa charla e xa estabas no Instituto. Logo, coma sempre sucede, aburguesámonos e sacamos o abono do transporte escolar. Ía frío. Resultaba máis cómodo... Pero nada volveu ser igual.

Os oitenta:

Alborexaban os oitenta, unha década para enmarcar. Eran tempos de democracia feble pero teimuda. Tejero violentaba, como os espadóns decimonónicos, o Parlamento de Madrid, pero ninguén quería volver xa ao pasado máis rancio.

Anos de efervescencia cultural: unha corrente irreverente e iconoclasta, que paradoxicamente deixou en Almodóvar unha icona perdurable, desmantelaba as estruturas da cultura oficial.

Estoupaba o "caso Almería", o divorcio de Fernández Ordóñez trasladábanos a tempos da República, entrabamos ás furtadas na OTAN, a "pneumonía atípica" causaba estragos, a seca era tan pertinaz como nos tempos de Franco e Elías Canetti gañaba o Nobel mentres Lech Walesa lle botaba un pulso aos soviéticos.

Foron tempos de grandes magnicidios: Alí Agca disparáballo ao papa; Reagan, o noso particular Bush da época, era tiroteado por un demente e Anuar el-Sadat caía abatido polas balas dun grupo integrista. Polo demais, supoño que o Mossad mataría a algún palestino e Estados Unidos alentaría algún golpe de Estado nalgunha república bananeira, porque hai cousas que non cambian.

Libres:

Pero nada desa convulsa realidade política e social poñía lindes ao noso entusiasmo. O Instituto foi a liberdade. Sentímonos libres e fomos felices, coma nun conto. Iamos "pro instituto", e non había

nada máis importante na nosa cabeza.

Nós, os estudantes da Limia que enchamos as primeiras aulas do Instituto, viñamos dunha diáspora secular: Seminario, Carmelitas, Salesianos, Maristas, Josefinas, Os Milagres ... e, os máis modernos, dalgún instituto da capital. En calquera caso, un longo exilio que duraba xa xeracións.

Acostumados a un réxime carcerario nos internados, á insensibilidade duns mestres educados nos principios do Movemento Nacional, a un xeito ultramontano de entender a vida, a estudar segregados mozos e mozas, o Instituto de Xinzo foi un espazo para a liberdade.

Un grupo de profesores e profesoras novos, entusiastas e carismáticos tiveron boa parte da culpa. Por primeira vez fomos educados en valores laicos e democráticos, tratados como persoas e escoitados con naturalidade. Inaudito.

Apreciamos o valor da cultura como elemento de gozo. Entendemos que a educación non é simple instrución, que a violencia estrutural nas aulas como sistema de disciplina só xera máis violencia, que outros mundos máis plurais e abertos tamén existen. Aprendemos moito en pouco tempo, e non me refiro a contidos de carácter conceptual, que están aí, nos libros de texto, fáciles de aprehender e aprender. Ensináronos o máis difícil, o que non está nos libros de texto, foi unha escola da vida, e fixérono, non podía ser menos, en sitios alternativos á aula: en Santiago, no cine, nun concerto, no Barrio de Abaixo. A ese grupo inesquecible de profesores e profesoras, estean onde estean, beizón!

Os compañeiros:

Deixámonos de ver. A uns nada máis rematar o instituto, o resto foron desaparecendo paseniño. Médicos, avogados, profesores, agricultores, obreiros e algún que outro político, fixemos de todo como non podía ser menos.

Pero falta un. Era o noso delegado; un delegado marxiano que non marxista, isto é, irreverente, divertido e surrealista Nunca levaba tabaco enriba, aínda que fumaba incesantemente. Para agasallar a súa nai, trouxo nada menos que un Van Gogh do cuarto do hotel de Fuengirola (excursión de 3º de Bacharelato). Esnaquizaba decote a sensibilidade da profesora de arte: nunca esqueceremos o día da "Leonarda" de "Giocondo da Vinci". Copiaba con mestría, con estilo. Anunciábanos, cun código secreto que ningún profesor chegou a descifrar, que conseguira sacar a "chuleta" tocando un solo de batería coas mans na mesa; un xesto que relaxaba o ambiente dos exames e incluso lles facía graza aos inxenuos profesores. Se puidera ler isto, seguro que botaría unha das súas estrondosas risadas. Así era "aquiño", traste pero boa xente.

PARA QUIQUE, EN MEMORIA ■

HISTORIA DE UNA ESCALERA

Tiñamos catorce anos... Meu Deus, catorce anos! Comezaban os oitenta. Os setenta foran convulsos: a manida Transición Política, o nacemento da democracia, a irrupción dos dereitos do cidadán (e con eles os dos estudantes), o asociacionismo. A min aquilo soábame a chinés xa que eu permanecera os tres últimos anos da miña curta vida (sexto, sétimo e oitavo do Ensino Xeral Básico, que así se denominaba por aquel entón) na reclusión dun internado de curas na capital da provincia. Nel eses dereitos gañados a pulso nos cinco anos da Transición Política, non foran aínda incluídos nas regras da conduta monacal.

E aquel ano de primeiro de BUP (Bacharelato Unificado Polivalente, manda carallo!) resultou que na miña vila abriron o INSTITUTO, e con el chegou a miña ansiada volta ao fogar materno, e ao ensino laico.

Lembro o edificio. Daquela (e aínda que hoxe custe crelo) era unha mole no medio da nada, afastada infinito do centro da vila e soa na inmensa chaira antelá. Unha construción de cemento armado e ladrillo visto cor amarela (á usanza de todas as construcións que o ministerio do ramo gastaba naquel tempo). A planta baixa non existía, xa que aos enxeñeiros do susodito ministerio ocorréuselles que, polo feito de estar levantado nunha zona antano lacustre, mellor sería previr que curar, e deseñaron unha estrutura palafítica que flotaba nunha morea de cadradas columnas de formigón. Co tempo tamén descubriríamos abraiados que debaixo daqueles cimentos existía un dos filóns de lignito máis importantes de Europa.

Naquel edificio, e para salvar a enorme altura de planta e media que existía entre o chan e a porta principal de acceso, destacaba a maxestosa e interminábel escalinata. Flanqueada por unhas balaustradas amarelo ocre, a

xogo cromático co ladrillo ministerial, os seus chanzos tiñan unha descomunal anchura e farían as delicias de calquera Sisí emperatriz vestida para o baile de Fin de Ano en Viena.



A gran escaleira deseguida serviu para as nosas necesidades máis mundanas: alumnos de toda idade e condición asentamos nelas as nosas nádegas adolescentes, enfundadas acotío nuns Lee ou nuns Wrangler lavados á pedra e dunha estreiteza inaudita (denantes chamábanse "pitillo"; hoxe coa lei Salgado, non

poderíamos nomear con tanta exactitude aqueles pantalóns). Alí sentámonos, en igualdade democrática, os de primeiro cos de COU (aclaración para os alumnos Logse: Curso de Orientación Universitaria), homes e mulleres e, mesmo, algún membro do colectivo docente.

Naquelas improvisadas tribunas, coma no foro romano ou nos burladeros sevillanos do Século de Ouro, tramáronse inocentes conspiracións; propagáronse falsos e verdadeiros rumores; fraguáronse citas de namorados; preparáronse con inusitada urxencia exames de avaliación... Fixemos moita vida social nelas.

Mais tal e como sucedeu no imperio romano e aconteceu coa libertina vida da Sevilla do século XVI, aquel costume de apousentarnos na magna escalinata para facer política foi duramente reprimida polo poder. Vetouse calquera uso dos chanzos que non fora o para eles destinado (ascender ou descender) e apelouse á imaxe pública da institución. E coma fiel aliado dos grandes acontecementos da historia, sobre todo da historia bélica, chegou o Xeneral Inverno pondo as cousas no seu sitio, abortando co seu rigor calquera conato de resistencia estudiantil. E deste xeito rematou o que tiña comezado por azar.

Máis tarde, xa na universidade, a miña perplexidade foi maiúscula cando reparei en centos de alumnos de todo xénero e condición sentados nas escaleiras da facultade de dereito. E non puideron evitar un sorriso ao pensar que, sobre o uso de tan magnos chanzos, non pesaba ordenanza nin prohibición ningunha, cando na miña vila, catro anos antes, xa escribíramos leis sobre escaleiras moito máis humildes. ■

1980-1984

ANTÓN GORDERÍ

LICENCIADO EN XEOGRAFÍA E HISTORIA.
PROFESOR DE LINGUA NO I.E.S. DE PONTE CALDELAS
(PONTEVEDRA).

DISFRACE AMARELO DA MIMOSA



O Instituto foi o modelo de toda a miña vida, el foi o que me formou. Alí inculcáronnos a ironía, alí aprendemos a amar e a respectar certas cousas e a nos rír delas ao mesmo tempo, sen que houberese niso desprezo. Riámonos dos nosos profesores, pero esa risa tiña unha dimensión de liberdade. Aínda que obtivese o Premio Nobel ou me convertese no presidente dos Estados Unidos, nunca terei esa sensación que tiña cos meus amigos do Instituto de ser un rei.

Claudio MAGRIS. *O Instituto, o meu primeiro amor.*

En febreiro, sete capas e un sombreiro. Caera unha xeadada do demo aquela noite de febreiro. Pola mañá, tralos cristais embazados do Instituto, Felipe Traveso e mais eu distraemos a mirada na vella *nacional* Vigo-Villacastín. Alleos ao intenso tráfico, os álamos que escoltan a estrada exhiben, maxestosos, o traxe de gala invernal: unha luva xélida e reluciente abraza cada unha das pólas. Ao lonxe, máis alá das árbores, esténdese unha longa chaira de terras nús e hibernadas. Antes de que Emilio e Gustavo fagan soar o timbre, aínda reparamos nunha mimosa venturera que, desafiando o frío, afánase en ultimar o disfrace amarelo que anuncia o Entroido.

Procesión de coreanas. Gardo, imborrábeis na memoria da adolescencia, as cores verde e azul. Son as cores, as dúas únicas cores, que exhiben as *coreanas*, unha indumentaria polar que fai furor entre a rapazada. Estou a velas, avanzando en procesión pola beiravía que une Xinzo co Instituto. Puntuais, invaden o patio e toman ao asalto a aula de 2º de B.U.P.(A). Helena, *coreana* azul, cumpre co ritual diario e anota nunha esquina do taboleiro a data daquela mañá apenas estreada: 23 de febreiro de 1981, luns. Xa pasara lista Carmen, a *profe* de Matemáticas, cando asoman pola porta outras dúas *coreanas*. De azul, Javier Romero. De verde, Serafín Barrio, que chegaba ao Instituto dacabalo da súa *Montesa Impala*, logo de esquivar lama e fochancas polas pistas da parcelaria.

¿Pero es que no sabéis de qué color son las vacas holandesas? Don Isidro Cabero, fan declarado do grupo británico Pink Floyd, exerce como profesor de Xeografía e Xefe de Estudos. Hoxe toca o tema 6. *La cabaña ganadera de España*, lemos no libro de capas verdes da editorial Anaya. Non se intuía aínda a LOXSE e ninguén falaba de aprendizaxe significativa; pero vese que o profesor Cabero -lentes, bigote poboado e aceno grave- era un tipo intuitivo e preparado. Repetiu dúas veces a pregunta e as dúas veces respondemos co mesmo silencio reiterado. *¿Pero es que no sabéis de qué color son las vacas holandesas?*, volveu insistir, enfático. Desde o fondo da aula, un fío de voz, respondeu Javier, o *Murciano*: "Rojas y vedes". Daquela rompeuse de vez o silencio, aínda que *tochrsto* permanecese calado.

O descubrimento ou a ignorancia. Contra o final da mañá chega a quenda de Rita. A *profe* de Francés preséntase, esvelta e lanzal, coa súa equipaxe de costume: un ducados, un magnetofón aparatoso e aquel seu sorriso cómplice. Reparte un folio no que aparece unha canción mutilada e convidanos a escoitar o grupo bretón *Try Yann. La découverte ou l'ignorance*. Trátase de ir reconstruíndo a letra, que reivindicaba unha lingua ausente e silenciada. Despois, a pillabana de Rita pídenos que substituíamos as palabras *Bretagne* e *breton* por *Galice* e *galego*. Así imos espreguizando, tras unha *longa noite de pedra*. E así imos descubrindo o País de Nós e a lingua nosa,

"a lingua proletaria do meu pobo", esa lingua que viña de estreir o estatus de asinatura.

A velas vir, a velas vir, unha partida brava de fútbolín. Ás clases da mañá púxolle o ramo un profesor cuxo nome esquecín. Era un tipo un nadiña *plasta* que sempre repetía a mesma ladaíña: "*Al que me haga la pelota, le doy un raquetazo*". Como o tenis nunca foi un deporte moi popular na Limia, a sentenza facíanos pouca graza. O noso era o fútbolín, a tralla brava. Así que, despois de devorar unhas albóndegas exquisitas onda o *Alemán*, iamos á sala de xogos que había fronte á gasoleira do Camaño. Ata que aparecía don Luís López Grillé, o *dire*, que viña de xantar no *Mazaira*, e mandaba parar. A *razzia* saldábase case sempre con éxito. Case sempre, digo, porque ás veces Ramón abría a porta de atrás e algúns refuxiábanse entre as verzas da horta ata que escampaba.

Tan feliz como un niño al salir de la escuela, cantaba nalgues Joan Manuel Serrat. Talmente. Así nos sentiamos cando o timbre nos liberou da última clase. Antes, na primeira sesión da tarde, tocara lección maxistral de Literatura co *dire*. Recordo a teima de don Luís por encher de palabras un espazo baleiro que lucía, pretencioso, o rótulo de *Biblioteca*; mais recordo asemade a súa obsesión por nos ensinar que a literatura tamén voa ceibe máis aló dos andeis das bibliotecas. Como tantas outras, fora aquela unha clase heterodoxa e, polo tanto, unha clase memorábel. Logo de romper a disciplina dos pupitres pareados, formamos unha asemblea en U para escoitarmos a Víctor Manuel (*Sólo pienso en ti*) e a Violeta Parra (*Gracias a la vida*). Despois paseamos de vagar polos recantos segredos de cada verso. Comentario de texto, que dirían os clásicos.

Caracas 18. As 6 da tarde. Hora punta na cafetaría Caracas, a sucursal vespertina e lúdica do Instituto. Algúns e algunhas apenas consomen; prefiren consumirse nos sofás de coiro negro que o Pepe, con bo ollo, colocou nun recuncho. Escóitase de fondo o son metálico de *Black in black*, o segundo disco de AC/DC. Os da C.A.B. (Confraría de Amigos da Barra) refollan o xornal *La Región* e vana virando, mentres toman unhas cañas. É probábel que andase por alí un rapaz

moi espelido que atendía por *Badás* e é probábel tamén que fose aquel día cando coñecemos a Miguel Marvoa, un dos argallantes do Movemento Ecoloxista da Limia (M.E.L.). Lembro a Miguel moi persuasivo, falando do proceso de desertización da bisbarra. Lémbroo renegando do cabalo desbocado da concentración parcelaria, que galopaba incansábel pola chaira. Lémbroo, en fin, maldicindo as pas mecánicas, "esas implacábeis láminas curvas -lin moito despois n'A *Caverna de Saramago*- que, sem dó nem piedade, levam tudo por diante, a casa antiga, a raiz nova, o muro que amparava, o lugar de uma sombra que nunca mais voltará a estar".

O blues do autobús. Xinzo, Lamas, Ganade...e San Lourenzo. *Requiás*, o chófer do ANPIAN, reméxese no asento para acompañar o trazado de cada curva. Dereitaa, esquerda, dereitaaa... ánimo a coro a rapazada. Na costa das Carrizas -xa baixara o meu amigo Paco Barrio-, ronca o motor con estrépito e o ruído silencia os acordes de *Gracias a la música*, o último éxito do inefábel Juan Pardo. Contra as 8, doce horas despois e noite sobre noite, o *Requiás* devólvenos á casa. Subo ao cuarto de estudo, onde sempre me agarda Alejo García, locutor estrela de Radio Nacional de España. Aquel día, porén, a súa voz non estaba. Endexamais lle volvín dar tantas voltas ao dial. Para diante e para atrás, en AM e Frecuencia Modulada. Unha e outra vez... Só ruído, interferencias, nada. E, de cando en vez, o arrepío dunha *música* estrañña, esa *música* militar "*que nunca me soubo levantar*".

Somos o que lembramos. Hoxe, 25 anos despois e a 150 quilómetros de distancia, refollo o xornal *La Voz de Galicia* e reparo na foto dun tricornie negro e brillante. É un tricorne desencaxado, que exhibe, fachendoso, sinistra pistola e sinistro mostacho. "Al suelo todo el mundo". A carón da foto, a columna *Tal como éramos* reproduce o titular dun periódico estranxeiro: "*Un militar disfrazado de torero secuestra el Parlamento español*." Era o día 24 de febreiro de 1981. Ese día volvera caer na Limia unha xeada do demo. Teimuda, inasequíbel ao desalento do frío, a mimosa estaría a piques de rematar o seu disfracce amarelo. Chegaba o Santo Entroido. E eu aínda non sabía que xa era, para sempre, dun lugar no mundo. Porque "*un -saberíao moito máis tarde- é de alí de onde estudou o Bacharelato*". ■

XOSÉ IGNACIO LOSADA CASTILLO

LCDO. EN DEREITO. EXERCE COMO ABOGADO EN OURENSE.

EU COIDABA QUE FOSE O DERRADEIRO

Hai uns días recibín unha chamada telefónica. Unha vella amiga convidábame a recuar vinte anos, a revivir intres da miña adolescencia, a facer unha difícil escolleita: elixir de entre todas as miñas lembranzas da puberdade, aquela que eu puidera relacionar de mellor xeito co meu paso polo instituto.

Tras colgar o aparato, amoreáronseme no miolo unha chea de anécdotas coas que sería quen de encher páxinas e páxinas ata esgotarme; e é que catro anos dan moito de si nesa idade. Porén, á hora de apousentarme e escribir non resultaba nada doado facer a dita escolleita: a meirande parte dos meus compañeiros de antano xa terían noticia dos contos que eu lles puidese lembrar e os máis novos non saberían de que nin de quen estaba a falar.

Os días foron pasando sen que eu me decidise a contar ningunha historia, e o que nun principio parecera tarefa engaiolante converteuse nun atranco, que de súpeto me lembrou unha situación semellante que eu tivera que afrontar nos tempos nos que era alumno do Lagoa de Antela (daquela cun nome menos feitiцеiro: o I.B. público de Xinzo de Limia).

Antano (falo dos anos 1982-1985) convocábanse, coincidindo coas festas do Nadal ou de San Tomé, certos concursos literarios. Os profesores obrigábannos a facer traballos a todos os rapaces, e logo eles elixían aqueles que representarían ao centro nos ditos certames. A verdade é que a min cústame moito escribir, e máis se é por obriga, así e todo, se quería aprobar, non había máis remedio que ir ao caso. Fixen



varios: algúns comentaban con bastante retranca novas saídas nas revistas daqueles días, outros facían unha análise de certos inventos, amuletos adelgazantes... reflectidos nuns anuncios da miña propia invención.

Mais o meu "derradeiro traballo literario" fíxeno en decembro de 1985 na convocatoria de contos do Nadal dese ano. De igual xeito que aconteceu denantes de escribir estas liñas, un profesor de literatura fíxonos a encomenda de compor un relato e eu non era quen de centrarme nunha idea para poder comezar; No entanto, perante a ameaza de ter serios problemas á hora de aprobar a materia de Literatura, puxen en marcha todo o enxeño que xorde inesperadamente nos caso de necesidade extrema e decidín apoiarme nunha idea allea para saír airoso do atranco. Lembrei o meu avó e mestre, quen viña de falecer, cómo relataba aos seus netos contos que aparecían publicados nunha revista: Selecciones de Reader's Digest. Busquei desesperado, entre todos os números de decembro, e definitivamente atopé a historia que procuraba. O tal relato situábase na campaña inglesa, mais eu fixen un guión adaptado a Galicia e ás súas especiais condicións.

Coa inmensa compracencia que produce o deber cumprido, presentéille ao profesor o meu traballo e dei por concluído o problema. Mais a ventura, que ás veces xoga malas pasadas, fixo que o meu relato gañara o primeiro premio, e que, loxicamente toda a atención quedara centrada nel. Non houbo que esperar moito para que alguén, unha profesora de inglés, recoñecera o conto e viñera botarme a bronca. Ante tal acusación de plaxio, defendínme como ben puiden e aleguei non ter coñecemento de que o relato tivera outro dono diferente ao meu avó, a quen tantas veces llo escoitara.

Non é necesario dicir que as ganas que me quedaron de compor relatos foron máis ben escasas e xurei non voltar a presentar outro traballo no instituto, mais vinte anos despois veño de romper o meu xuramento. ■

BELÉN CASTRO LORENZO

LCDA. EN FILOLOXÍA HISPÁNICA.

PROFESORA DE LINGUA ESPAÑOLA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA.

LEMBRANZAS

É indubidablemente transcendental na nosa vida, o momento no que temos que voltar cara a atrás, facer balance, tirar da nosa memoria intres que xa tiñamos pechados na nosa propia "caixa de Pandora". O medo de que, cando se abra, saian desatados todos os nosos demos interiores, sempre estará aí. Porén, penso que é bo mirar cara ao pasado, examinar polo miúdo os cambios que se foron sucedendo, sen decatármonos cales foron para mellor e cales para peor.

Cando eu cheguei ao centro por primeira vez, alá polo ano oitenta e tres, eramos algúns alumnos menos, en total trescentos oitenta rapazas e rapaces. Isto era debido a que primeiro e segundo de ESO (por aquel entón sétimo e oitavo de EXB) non se impartían neste centro, senón nos grupos escolares Rosalía de Castro e Serxio Mascareñas, dos que



procedíamos a meirande parte de nós. E tamén, porque eran máis os rapaces que, chegados ata oitavo, decidían deixar de estudar e incorporarse á vida laboral. Hoxe, e a pesar do descenso no índice de natalidade, sodes máis de cincocentos alumnos matriculados neste curso.

Outra gran diferenza, con respecto ao momento actual, é a procedencia do alumnado, daquela case que todos viñamos de Xinzo ou dos seus arredores, algúns bastante afastados, como os rapaces que viñan dende Muíños (o Xosé Lois, o Uxío, o meu curmán o Xosé Antonio...) e que-

daban toda a semana nunha fonda da vila xa que facer o traxecto diariamente era moi pesado. Hoxe poden acudir ao instituto de Bande, que lle queda máis preto, pero daquela non existía.

Eles eran os alumnos que viñan dende máis lonxe, hoxe todos sabemos que o Lagoa de Antela é un centro tremendamente cosmopolita, nel cohabitamos persoas oriúndas de moi diferentes lugares do mundo, concretamente de Portugal, Ecuador, Venezuela, Suíza, Colombia, Marrocos, Sahara Occidental, Romanía, Alxeria, Cuba, República Dominicana, Arxentina e Galiza. En total, trece nacionalidades diferentes.

Penso que este é un dos cambios máis positivos destes últimos anos. Estes rapaces e rapazas cos seus costumes diferentes, coa súa fala... viñeron enriquecer o Lagoa de Antela. Entre todos mantemos unha convivencia e un trato, penso que, bastante aceptable, aínda que en moitas ocasións, boto de menos

máis intercambio, máis relación...entre vós; de tódolos xeitos, son unha persoa optimista e penso que isto é só o comenzo, e que partindo deste respecto mutuo que hoxe nos profesamos, pronto chegaremos a estreitar lazos e a manter máis relacións, que penso, hoxe son practicamente inexistentes con algún dos grupos. A miña máis cordial benvida para todos eles.

Outra gran novidade destes últimos tempos son os accesos ao instituto. Daquela dispuñamos dun autobús escolar que nos achegaba ata aquí: o Vamus era o noso condutor. Chamabamoslle o Vamus porque sempre berraba iso denantes de arrincar:

- Vamuuuus!

Era un home afable, divertido e amable que cando consideraba que aínda viñamos moi durmidos espertábanos de súpeto berrando:

- Ajachaivos que vén a polecía!

Ao mesmo tempo que pisaba o freo ata o fondo, de xeito que os que iamos de pé no corredor do bús (un número bastante elevado, por certo) acababamos tirados polo chan, mentres que o resto, os privilexiados que dormitaban nos seus asentos, espertaban, de súpeto, do seu sopor matutino botando grandes gargalladas.

Mais ás veces, cando perdiamos ese autobús, tocábanos vir a pé (como a vós, hoxe). A gran diferenza é que nós non dispuñamos de beirarrúas e aínda por riba non existía a autovía, polo que a Nacional 525 soportaba unha carga de tráfico pesado bastante maior có da actualidade. A cousa aínda se complicaba máis cando chovía (bastante máis a miúdo; niso si que temos ido a peor). Sen beirarrúas e cos camións case que rozándonos, cando conseguíamos chegar estabamos completamente enchoupados. Houbo tamén algún atropelo, aínda que, afortunadamente sen graves consecuencias.

Lembro unha manifestación na que participamos todos: pais, alumnos e profesores. Partimos dende o institu-

to e portando unha gran pancarta, chegamos ata as portas do concello, onde todos, ao unísono, berrabamos:

- Accesos ao instituto, xa!

Grazas a iso hoxe contades cunhas amplas beirarrúas para achegarvos ata aquí, máis seguros e secos.

A verdade é que dá medo pensar o rápido que pasaron estes vinte e cinco anos. Máis ca rápidos, veloces, fugaces...Xa o dicía hai cincocentos anos o poeta nas súas Coplas (esas que todos coñecedes, por pouco que aprendades nas clases de castelán):

Recuerde el alma dormida
avive el seso e despierte
contemplando

cómo se pasa la vida
cómo se viene la muerte
tan callando

Cuán presto se va el placer,
como después de acordado
da dolor

Como a nuestro parecer
cualquier tiempo pasado
fue mejor

O "tempus fugit", foxe á présa, veloz, inabarcable, escorregadizo...O que tamén é certo, na miña opinión, é que non sempre os tempos pasados foron mellores. Penso que os cambios operados neste medio lustro son, na meirande parte, moi positivos (agás o da choiva, pero diso non temos a culpa nós). Somos máis e de moi diferentes procedencias, e a pesar diso, temos de felicitarnos, porque sabemos respectarnos, convivir, aprender xuntos... Isto non sempre é unha tarefa doada e no entanto, conseguímolos na meirande parte das ocasións. Oxalá tralo paso dos próximos vinte e cinco anos poidamos facer un balance tan positivo. Oxalá sigamos medrando, avanzando e traballando co mesmo modus operandi. E, como din por aí:

E EU QUE O VEXA! ■

ERAN OUTROS TEMPOS



Eran outros tempos...

Pois si; eran outros tempos aqueles que pasamos no centro cuxo ben cumprido 25 aniversario celebramos hoxe. Non é de estrañar que os nosos antepasados máis recentes, moitos dos que aínda hoxe se atopan entre nós, se abraien cos cambios que deu a vida, pero non só a súa esencia, senón tamén a forma de entendela, de vivila... Simplemente eran outros tempos.

Porén, non fai falta que botemos a vista tantos anos cara a atrás. Sen ir máis lonxe; nós, os rapaces que viñemos ó mundo no mesmo ano que naceu este centro -ou polo menos algúns destes rapaces- non atopamos nas nosas cabezas a forma de xustificar certos comportamentos da actualidade, aínda que se intenten disfrazar con cualificativos vangardistas. Iso si, esas descrições veñen daqueles que amosan interese en que estes actos imperen nos centros de ensinanza, para que se impoña deste xeito, a xa moi estendida cultura do medo. Pero realmente son máis valentes aqueles que só

saben dicir si, ou pola contra aqueles que saben impoñer o seu criterio aínda que se enfrenten ó "vangardismo".

Isto non é nada novo; xa nos anos que tivemos a sorte de vivir neste centro se impuña en ocasións a cultura do medo rompendo moitas carreiras profesionais e incluso destrozando moitas vidas, pero nunca ata os límites ós que se está a chegar na actualidade.

No cuarto de século de vida do centro tiveron lugar moitos cambios na sociedade e na ensinanza, sempre houbo perigos e ameazas pero sempre houbo formas de combatalos, o que conta é querer impoñer a cordura perante o medo ó que se nos somete día tras día nas televisións, radios... que se o alcol, que se as pelexas entre bandas, que se a droga, a SIDA...

Diversas persoas pasaron por este centro durante os anos da súa existencia; distintos profesores, distintos directores, milleiros de alumnos, houbo distintos gobernos, e saíron xentes moi dispares como enxeñeiros, avogados, médicos, albaneis, fontaneiros, electricistas... pero todos eles teñen algo en común: que estudaron no mesmo centro de educación secundaria enfrontándose ós distintos problemas que a sociedade de cada momento puña ó seu carón, dándose acontecementos que puideron cambiar incluso o sistema da sociedade actual.

No entanto, houbo sempre algo que por moitos anos que pasaron e por moitos anos que aínda teñen que pasar, seguirá en pé para formarnos en valores e formas de enfrontarnos ante os retos que a vida poña ó noso carón; o Centro. Simplemente moitas grazas. ■

VÍTOR DORRÍO CONDE

LCDD. EN ARQUITECTURA.

1984

Nunha sociedade xerarquizada o poder establecido é quen de acadar un control cásese que total sobre o individuo. Non hai lugar para a intimidade, o sexo é crime, e ata as emocións están prohibidas. A "policía do pensamento" encargárase de torturar ata a morte ós conspiradores anque para iso sexa preciso acusar a inocentes, e nós, recién chegados a este "templo do saber" rebeláremos contra dese "grande irmao" que nos víxía. Durante catro anos o camiño a percorrer convertírase nun perigoso labirinto cara a un incerto final...

(algo de George Orwell para a ocasión)

Esmorece o ano **1984** cando chegamos ó instituto.

Unha tépeda néboa envolve a longa corredoiira pola que nós, mentes virxes e ávidas de coñecemento, comezamos a peregrinaxe:

No Pombal deixamos o acubillo da vila, e alén dela... nada: nin beirarrúas, nin xente, nin case construcións; nin o "acceso", que por el xa nos manifestaremos o vindeiro ano, e si, algún can, gato ou ourizo esmagado polos camións que discorren a velocidade e ben rente de nós.

Imos repasar matemáticas: 6Km ó día x 180 días ó ano x 4

anos = 4.320 Km; ou sexa, 100 veces Xinzo-Ourense "pola vella", 40 veces Xinzo-Vigo ou catro veces Xinzo-Barcelona... pois si que imos andar (o caso é ter o maxín atarefado).

Cara á metade do camiño o Frayman, unha illa dentro do deserto. Contudente volume plenamente integrado nesta paisaxe limiá, na que inzan coma silvas mastodónticos almacéns de patacas. Pero non, nada que ver co noso cotián tubérculo. Eu ben sei que este "templo da libertinaxe" agocha sórdidas e inconfesables historias. Historias das que agora, coa nosa adolescencia acabada de estreir, seremos partícipes.

A néboa vai disipando pero hai pouco que ver. Olladas perdidas, escasa conversa, e algunha que outra finxida gargallada, pois xa se albisca a fin da viaxe.

Ó carón da gasoleira agroman nerviosismo e ansiedade: onde carallo estamos?

E veña a darlle ó maxín: isto é a nosa lagoa seca agora preñada de lignitos, memoria asolagada, futuros terreos edificables da sepultada Antioquia. Será alá polo San Xoán, cando nas clases o reloxo vai máis lento, que miraremos ó traveso dunha fiestra cara á longa chaira, e sere-mos quen de ouvir o galo.

Perto do seu ocaso, a Boisite fumea. Últimos estertores da fugaz era industrial. Vaise coa Telleira, pero aínda lle quedan dous anos máis para facer chover por riba de nós o po de madeira aserrada.

E chegamos:

Cancelas metálicas conteñen a grande mole de tixolo marelo importado de Castela (non saberán nada as institu-

cións da cálida pedra do País) ergueito por riba duns esteos de formigón, como querendo lembrar as nosas primitivas moradas lacustres.

Pa-la-fi-tos, dixéronme de neno; pero que fermoso pasado aínda soterrado, e sen ter que chamar as lexións de Décimo Xunio Bruto na procura doutro máis glorioso.

Se baixamos a rampla estamos dentro, e unha moi ampla escalinata convida a subir. Nela o comité de benvinda formado por alumnos veteranos sentados nos chanzos a facérense as beiras, fumando, parolando indiferentes dos novos inquilinos que baixan a vista porque aínda non teñen o peito formado ou son poucos os pelos que locen as lampas faces.

Un automóbil entra no recinto e del baixan unhas longas barbas de persoa madura, primeiro membro identificado da "policía do pensamento". Ignorante de nós, encamiñase cara ó edificio. Algúns das escaleiras deixaron de rir.

A vidreira de arriba a abaixo con carpintería laranxa (un toquiño de cor) amósase coma a derradeira fronteira a traspasar para convertérmonos en membros oficiais desta comunidade. E xa estamos no primeiro andar onde nos recibe o Sr. Gustavo cunha calma que se nos vai facer habitual.

E pasaron anos. Coido que moitos.

Quedounos como referencia un edificio que pouco mudou co tempo. Pero a arquitectura en si non é nada, pois non conta historias; unha escaleira non é nada sen os rapaces que soben ou baixan, e unha fiestra non ten razón de ser sen alguén ollando polo San Brais a chegada da primeira cegoña. E as aulas...cantas cousas poderían contar as aulas ?

Os piares agora embutidos nos muros da cafetería, foron testemuñas de primeiros romances, apresuradas caladas a ducados, e de inquilinos agochados a evitar a "policía do pensamento". Tamén presenciaron durante anos a sempiterna derbi do Xulio "Rápido", ancorada con dous metros de cadea a unha das patas do edificio.

Por certo, non volvín saber del... ■



XOSÉ MANUEL PÉREZ BOUZA

A.T.S. DEPUTADO PROVINCIAL DO B.N.G.



O ESPERTAR DUN ESPÍRITO REIVINDICATIVO E INCONFORMISTA

Non me lembro do ano, aínda que puido ser aló polo 1985, nin o mes e moito menos o día, mais o que si lembro perfectamente é o feito: a primeira manifestación á que asistín, e a causa que se defendía, a reivindicación da construción duns accesos seguros desde Xinzo ata o Instituto.

Eu era un dos centos de rapaces e rapazas que daquela, camiñando pola beirarrúa da estrada N-525 percorríamos catro veces ao día, a distancia entre Xinzo e o Instituto, facéndolle fronte como podíamos a miles de coches que pasaban coma balas, e a inmensos camións, que co seu rebufo cando pasaban ao noso carón, nuns casos faciannos recuar e noutros tiraban con nós directamente á cuneta. Nos fríos e chuviosos días de inverniá, o perigo de percorrer este treito era evidente. Ademais, por aquela época, metade da década dos 80, funcionaba con grande éxito na zona do Instituto, a discoteca "Frayman", polo que as fins de semana tamén eran moitos mozos e mozas os que se desprazaban a pé desde a vila, correndo o mesmo risco ou máis ca nós, os escolares.

Xa houbera varios atropelos, pero a gota que rebordou o vaso foi a morte dun mozo un domingo pola noite cando saía da discoteca. Así que, coma en tantas outras ocasións ante a pasividade das administracións, era preciso que os afectados fixeran algo soado para reivindicar a necesidade dun acceso seguro entre Xinzo e o Instituto, e foi así como acudimos á organización dunha manifestación como forma de protesta.

Aínda que van alá máis de 20 anos, lémbroo con claridade: foi para min un día especial, que mesmo puido influír decididamente no desenvolvemento como persoa; pasei toda a noite en vela, sen poder durmir, estaba nervioso, preocupado, pero á vez ilusionado e desexando que chegara a hora de levantarse e marchar para o Instituto (teño que recoñecer que dos catro anos que estudei nel, foi o día que menos me custou madrugar). Con todo, o meu estado era o normal tendo en conta que ía participar por primeira vez nunha manifestación, e como pasa sempre que nos enfrontamos a unha primeira vez, descoñecía case todo en relación coa forma de protesta escollida: tiñase falado de facer unha sentada, de cortar o tráfico, de berrar consignas, de...; para min era todo descoñecido e iso mantíñame nun estado de grande inquietude, á espera de que chegara a hora de comezar a marcha.

A hora chegou e a protesta resultou todo un éxito. Para min foi emocionante ver a centos de rapaces e rapazas manifestarse pola N-525, repetindo todos a unha as consignas que cuspián os altofalantes que, Rogelio Congostro, un rapaz de COU, lle colocara ó seu Golf de primeira xeración que os pais lle trouxeran de Alemaña. O berro máis coreado hai que recoñecer que non era moi creativo pero, iso si, era claro e conciso: "queremos o acceso". Meses despois, fora pola manifestación ou fora por outra cousa, fixéronse as obras, e todas as promocións que con posterioridade foron pasando polo Instituto, desfrutaron dun acceso seguro. A causa foi gañada.

Desde aquela teño participado en moitas manifestacións, teño defendido moitas causas, a maioría perdidas aínda que algunha gañada, pero a primeira sempre estará presente na miña memoria e, se ademais serviu para espertar o meu espírito reivindicativo e inconformista, canto me alegro de ter participado na mesma! ■

REFLEXIÓNS DENDE OS TRINTA E TRES

Fai vinte e cinco anos que temos instituto de educación secundaria en Xinzo de Limia, pero, antes diso que sucedía? Pois os rapaces e rapazas tiñan que ir estudar fóra, normalmente a Ourense e en colexios relixiosos. Todos temos familiares ou amigos que nos contan as súas aventuras cos curas e coas monxas; cóntannos da rixidez e da falta de liberdade na que vivían, da separación da familia, de como os nenos e nenas ían a colexios distintos, de como todo era pecado, dos castigos... Había que marchar da casa e ademais había que facer fronte a uns gastos económicos importantes, e non todo o mundo podía facelo. A construción dun instituto na comarca da Limia abriu as portas para que moitos máis rapaces e rapazas puidesen acceder a unha educación que, ademais de gratuíta, era laica. Por suposto algúns continuaron a mandar os seus fillos e fillas a Ourense, pero agora había outra opción.

Eu son unha das privilexiadas que non tivemos que marchar da casa para continuar os nosos estudos nin tivemos que renunciar a seguir estudando por non ter posibilidades económicas e que ademais puidemos vivir aqueles anos nun ambiente de "liberdade", onde se ben tiñamos a relixión como materia, esta non o impregnaba todo.

Eu pasei catro anos no Instituto, dende 1986 ata 1990; por aquela época transmitíase a idea de que os rapaces e rapazas considerados máis "listos" ían ao instituto e os "que non valían para estudar" ían a FP; a formación profesional estaba desprestixiada, todos os pais querían que os seus fillos fixeran o BUP e logo foran á universidade. Estes prexuízos levaban a que na práctica o edificio do Instituto e o de FP, que son veciños, estivesen separados por un aramado e que as entradas dos alumnos e alumnas de FP no Instituto estivesen restrinxidas, case prohibidas. E hoxe, paradoxos da vida, son os nosos veciños de FP os que están máis solicitados e aos que non lles falta o traballo mentres moitos universitarios tiveron que buscarse a vida facendo traballos que non tiñan nada que ver cos seus estudos.

Aqueles primeiros días todo era novidoso e todo me chamaba a atención, ata os máis mínimos detalles; andaba algo perdida pero ilusionada, supoño que exactamente igual que todos e cada un dos meus compañeiros. O que si foi, nun principio, unha grata sorpresa foron os profesores, sorpredeume que a maioría eran moi novos e moi achegados a nós. O trato era ben distinto ao que estaba acostumada no colexio, onde os profesores eran bastante máis vellos e con outra forma de ensinar, mestres que eran o froito dunha época de represión. No instituto a maior parte dos profesores que me daban clase estaban recentemente licenciados, traían aires novos de modernidade.

As perspectivas eran boas, unha ensinanza pública, laica, con profesores máis abertos...; porén, o sistema é o sistema. Os cursos ían sucedéndose uns aos outros, o obxectivo era aprobar para ir pasando de curso, obter unha titulación e topar un traballo. Viviamos de exame en exame, constantemente avaliados. O sistema é así, o profesor explica para cumprir un programa que lle vén imposto. O alumno estuda coa finalidade de aprobar, non para formarse, non para medrar

como persoa, non para gozar, non para coñecer as cousas que pasan polo mundo...non! Simplemente estuda para obter unha titulación. Todos asumimos esta forma de ensinanza. Neste sistema educativo o alumno é un ser pasivo, receptor de información que non ten moita capacidade para decidir qué quere aprender e como. Moitas veces reprochábasenos que eramos pouco participativos, pero é que non nos ensinaron a selo. Ninguén nos ensinou a vencer a vergoña, a deixar o medo ao ridículo a un lado, a ter seguridade en nós, a cuestionarnos as cousas que vemos e oímos, a ter espírito crítico e a non ter medo a expresar abertamente as nosas opinións. Asumiamos o que se nos dicía sen pólo en dúbida. Moitos botarán as mans á cabeza, cuestionar o que di o profesor?. Pois si, o profesor representa a autoridade na escola, se non podemos cuestionalo estamos aprendendo a ser submisos e a non cuestionar no futuro as "outras autoridades". Precisamente creo que é isto o que o modelo educativo oficial pretende, sentar as bases, dende a infancia, para perpetuar unha sociedade de consumo, inxusta e insolidaria, onde convén que os individuos non pensen demasiado nin sexan moi conscientes das realidades do mundo.

Esta situación chegou ao seu punto crítico en COU, onde a presión polos exames era moito maior. Era o último curso e suspender algunha materia suporía pasar outro ano máis no instituto. E logo estaba a selectividade, tiñamos que someternos a este exame para saber se eramos ou non aptos para ir á universidade. Esta necesidade de avaliarnos levaba a que nos estandarizásenos, quedaba pouco lugar para a cre-

atividade e a orixinalidade das persoas.

Outra presión engadida era a de decidir qué facer ao rematar o Instituto, se seguir na universidade, pórse a traballar, preparar oposicións... Tiña a sensación de que o meu futuro estaba en xogo, de que as decisións que tomara nese momento ían marcar a diferenza entre unha vida chea de éxitos ou un fracaso total. Incerteza e inseguridade, creo que esas son as palabras que definirían o meu estado de ánimo naquel momento. Tiña que tomar decisións importantes pero non tiña unhas bases sólidas para facelo, non tiña claro o que espera-

ba do futuro. Hoxe doume conta de que non era para tanto, de que a vida dá moitas voltas e que sempre tes a posibilidade de darlle un xiro en calquera momento. Entón non era consciente das miñas verdadeiras capacidades e de que hai moitas formas de abordar a vida. Non nego que fose unha decisión importante, pero o paso dunha etapa a outra debería ser máis fluído e dende logo habería que sacarlle ferro ao asunto, pois

as decisións baixo presión son moito máis difíciles de tomar.

Estas son reflexións que fago dende os meus trinta e tres anos; por suposto, naquel momento nin se me ocorría pensar nisto, estaba demasiado ocupada estudando para aprobar e conseguir o meu título. A verdade é que teño bos recordos do meu paso polo instituto, coñecín xente, estudei, fixen o vándalo, divertíme, en fin, todo o que se supón que fan os rapaces e rapazas destas idades, pero hoxe sei que hai algo máis, que temos que sacarlle máis partido ás cousas e que se pasas pola vida deixándote levar, sen ser realmente consciente e dono do que fas, perdes moitas cousas. ■



JAVIER LÓPEZ QUINTÁNS

PROFESOR DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

XEFE DE ESTUDOS ADXUNTO DO I.E.S. "JÁLAMA" DE MORALEJA
[CÁCERES]

A BELEZA DAS PEQUENAS COUSAS

Hai unha premisa básica (tópica e sinxela, tamén) que me vén convencendo desde hai moito: somos aquilo que nos ensinaron, esa esencia tónica que axudou un día a formar a nosa conduta. Ano tras ano, conformámonos a partir de continuas lembranzas, anacos de realidade interpretados a partir da nosa persoal óptica. Falo da beleza das pequenas cousas.

O paso do tempo, inexorable e perverso, permite reformular os puntos de vista, e o que noutra etapa da vida foi a xusta medida das cousas metamorfoséase nunha perspectiva anacrónica e desaxustada do mundo. Parece un peculiar xogo: as lentes desenfocadas da existencia disimulan sen vagar tódalas nosas parcialidades, sesgos, tendenciosidades e malevolencias. Entón, desde logo, emerge un xesto amargo ante enxendros da humanidade como o etnocentrismo, a homofobia, o colonialismo cultural ou a arrepiante globalización.

Pois ben: se despois de escasas dez liñas o incauto lector que caeu por casualidade neste artigo (coa encomiable interese de emprender a súa lectura) rematou esgotado ante o que semella unha redacción pretenciosa; se ocorreu iso, chegou o momento oportuno para introduci-lo miolo destas liñas. O IES "Lagoa de Antela" (o meu centro, o noso centro) fíxose maior e cumpre anos. Ante tal efeméride, sintome acosado por un tropel de sentimentos e impresións que, por desgraza, non poderei expresar na súa xusta medida. Pero comezo. Agora que vou deixando ás miñas costas os estudos universitarios e unha tese a punto de ser lida, quero (e teño que) render pleitesía. Nomes como Marisé, Carme, Moncho, Remedios... (e tantos, tantos outros) forman parte de min. Neste século (como no anterior) tan dado a recoñecementos, conmemoracións e paupérrimas entregas de premios de oropel, pretendo homenaxear os que se gañaron a fama do día a día, o prestixio labrado a partir da beleza das pequenas cousas. Son o que fun; fun o que fun porque mo deron todo (ou case todo). Honradez, decencia, curiosidade e, substancialmente, respecto. Manteño viva a débeda, impagable, abafadora e xusta.

IES "Lagoa de Antela", anegado de lembranzas e ecos, niño de pasos perdidos dos que pasamos por alí. Mudamos, medramos, cedémo-lo lugar a novas xeracións atafegadas con reformas educativas recalitrantes, tecnoloxías tolas inmersas nunha espiral inclemen-

te de progreso e nunha cultura acomodaticia (apestada de inútiles xenreiras). Para o que aínda non tirou a conclusión necesaria, unha última obviedade: un instituto non é as catro paredes, as vinte mesas, os libros, as cadeiras. O instituto foi a voz que resoou nos corredores, nas dependencias, ante o conserxe inclemente que escatimaba fotocopias; o exame corrixido; o xiz esmagado no chan; a matrícula acazapada en administración; o equipo directivo (¡Deus santo!, ¿quen me diría que eu estaría no outro bando?) máis ou menos ben aliado; os chicles pegados debaixo da mesa; o patio con bolsas de lixo; as redes das porterías excesivamente desgastadas;...



Confeso que hoxe recordo vagamente como se resolvía un logaritmo. Pero o que moitos non comprenden é a claridade de miras, o fomento de destrezas e capacidades que este e outros moitos coñecementos nos proporcionaron. Todas as anotacións, os apuntamentos, os esquemas, algún que outro diagrama, as declinacións (ou os verbos ingleses irregulares, tal vez o atlas de xeografía humana, ou pode que a tabla periódica) dormen en mil e un rincóns da miña vida, do meu pasado; da miña máis ou menos imperfecta experiencia; dos meus ambiciosos, inabarcables e acuciantes soños.

Todas esas mañás neboentas, salpicadas de pasos infatigables desde a rúa Dous de Maio ata o antigo Instituto de Bacharelato Mixto; todas esas tardes (dúas á semana) de choiva plúmbea, ceo encapotado e atmosfera gris; todos os que compartiron xuventude, opinións e discrepancias (non sempre respectuosas), alicientes do día a día, que algúns xa perderon porque xa non están entre nós (ixamais vos esqueceréi!); todo o xiz durmido no encerado que moitos non borraban para desgusto (por veces xenreira) do profesor da hora seguinte (ese xiz, o xiz que nos aleccionou e adoctrinou, que nos aburriu ou fascinou, para ó cabo ser borrado sen piedade). Todo, todo se me agolpa na mente, flaxelando os meus dedos cun adictivo coxegueo, mentres golpeo o teclado do ordenador. O tempo pasou sen remedio (para ben, é certo, para ben).

Compañeiros, profesores e PAS do Instituto de Bacharelato Mixto (rebatizado como IES "Lagoa de Antela"); tódolos que pasastes por alí, vendo pasar os anos, entre os cursos 1993-1994 e 1996-1997 (e os que viñestes despois; e os que estades agora, algúns do meu sangue); FELICIDADES. Formamos parte da comunidade educativa, esa comunidade infravalorada e esquecida, de berros ignorados e súplias pospostas. ¡Que triste!

Compadezo ó que non sabe que nunha aula se forxa o futuro. E sen futuro... non somos nada... ■

PILAR SALGADO RODRÍGUEZ

LCDA. EN MATEMÁTICAS.

PROFESORA NA ESCOLA POLITÉCNICA DE LUGO

E PORÉN AÍNDA SINTO...



Empecei no instituto fai 18 anos, e porén, aínda sinto esta etapa moi preto; quizais sexa porque nos negamos a sentir o paso dos anos, pero coido que máis ben é porque alí vivín moitos e bos momentos. Daquela tiñamos clases mañá e tarde, pero a situación agravábase para os que viviamos no rural, algúns tiñamos que pasar todo o día en Xinzo. Lembro que antes de empezar o bacharelato, eu tiña a idea de que a mala comunicación entre Xinzo e a miña aldea era algo positivo, significaría un achegamento á vila e, inxenuamente, sentíame afortunada. Hai cousas que non cambian, e despois de tantos anos seguimos igual de lonxe e é case igual de difícil desprazarse en autobús. Por iso, para min, o tempo que pasaba no instituto era o mellor ... manterme ocupada nas clases ou cos amigos superaba con creces o tempo de lecer que, obrigatoriamente, había que pasar despois de rematar a xornada lectiva na biblioteca, na estación de autobuses ou nunha cafetería.

Por todo isto, lembro dun xeito especial o primeiro ano, no que na tarde libre que tiñamos cada semana se organizaban distintas actividades extraescolares. Eu ía a idiomas e a fotografía; improvisamos un laboratorio de revelado onde a tarde do mércores resultaba realmente amena. Imaxino que a falta de medios fixo que estas actividades non

se prolongaran nos seguintes cursos; algúns profesores conseguían pór en marcha algunha iniciativa dun xeito altruísta, e agora que o vexo dende outra perspectiva creo que ás veces nós mesmos non lle dabamos o apoio suficiente para levalas a cabo ... É unha idade difícil, na que non nos entusiasmo que nos organicen o tempo libre, e iso fai que promover actividades deste tipo non sexa sinxelo. Por iso, o meu máis sincero recoñecemento para aqueles que o intentaron...

Escribir estes parágrafos, fai que lembre con morriña moitos detalles! Foron anos nos que empezabamos a crecemos maiores e máis libres; era unha novidade importante poder atuar o profesorado, algo impensable en primaria; podiamos organizar e acudir a distintas festas propias do instituto ou empezar a pensar na primeira viaxe en "pandilla". A viaxe de terceiro ocupaba parte das nosas conversas durante ese curso e dende logo non nos defraudou.

Despois duns anos, decátome de que o curso que vivín con maior intensidade foi o de COU; parecía que ata o momento fomos queimando etapas, e de repente tiñamos que madurar e decidir que facer o ano seguinte. Ademais, era unha década na que reinaba o furor da oposición, polo que ir por un camiño máis curto e non ir á universidade era unha alternativa atractiva. Agora que o vexo dende a distancia, penso que nin sequera nos decatábamos de que podiamos equivocarnos e rectificar, non, dramatizabamos demasiado a situación. Moitos dos que queríamos comezar na universidade, barallabamos criterios pouco obxectivos para que as cousas fosen máis doadas; o máis importante era non separarnos das amizades e tratábalos de elixir a mesma universidade e incluso a mesma titulación. Non foi tan dramático, pero o certo é que moita da xente coa que compartín o bacharelato non a vín dende entón. Aproveito esta ocasión para dedicarlles unha lembranza especial a todos aqueles, profesores e estudantes, que fixeron que o meu paso polo instituto o lembre con cariño. ■

SORAYA BRIZ CID

LICENCIADA EN DEREITO



INSTITUTO DESDE A LEMBRANZA

A verdade é que cando me propuxeron escribir algo sobre o meu paso polo instituto por mor do seu vinte e cinco aniversario para a súa revista, non sabía moi ben por onde comezar. Xa fai algúns anos que deixei de percorrer os seus corredores e de asistir ás clases no IES Lagoa de Antela. Os catro anos que pasei no centro foron especiais, non quero dicir que foron os mellores, pero deles gardo un grato recordo; aínda que diso decateime anos despois, cando xa non estaba nel.

Cando eu estudei aínda se facía BUP complementado polo COU para ter acceso á universidade.

Aínda recordo o meu primeiro día de clase cando me tocou ir na aula de Primeiro A. Teño que recoñecer que foi un pouco duro, alí con tanta xente a quen non coñecía de nada. Ademais foi difícil deixar o colexio e enfrontarme a moitas máis responsabilidades e sobre todo moita máis liberdade. Dese primeiro paso soamente recordo o rebumbio de xente e os nervios por ter que enfrontarme a un mundo novo. Tiña por diante catro anos que se me facían longuísimos, pero se vos teño que ser sincera pasáronme voando.

No primeiro ano de universidade cheguei a estrañar moitísimo as clases do instituto e falando con antigas compañeiras coas que compartía pupitre e que compartían as mesmas impresións, recordabamos vellos tempos, non tan pasados,

sobre o que foran as clases de Historia co Moncho, que naquel momento algunhas veces se nos facían moi costa arriba coa súa teima de facer interesante a aquelas horas da mañá a nosa historia máis recente; e sobre todo as clases de Filosofía de Eloy, coas súas teorías e o seu peculiar modo de ver a vida.

A verdade é que foi un tempo máxico no que aprendín moitísimo e ó que lle debo moito do que son agora.

Foron moitos os profesores que contribuíron á miña aprendizaxe, algúns xa non imparten clases no instituto, como por exemplo Gema, a miña profesora de Ciencias e titora en primeiro; ou Mari Fe, a profesora de Galego; ou Xulio, o meu último profe de "Mates"; ou Antón de Física, co que intentei aprender forzas, aínda que naquel momento o tema non representase en min ningún interese e non me pareceuse de moita utilidade real. Non se trata de facer unha lista de todos os profesores, ademais de que seguro que nin sequera se acordan de min e sería o conto de nunca acabar; pero poden estar seguros de que todos puxeron un granciño de area, que é do que se trata ó final.

Cando eu empecei nin sequera tiñamos nome, non eramos o Lagoa de Antela. Ademais as clases eran intensivas e soamente iamos comer á casa os mércores e os venres. Cousas que foron cambiando co paso dos anos. Por non ser igual non é nin a estrutura do centro, cada vez que me deixo "caer" sempre hai algo novo que non estaba nos meus tempos de estudo.

A verdade é que se fai difícil escribir sobre os recordos de fai algúns anos, a pesar de que os recordos non se esqueceron e moitas tardes tomando café coas amigas revivimos historias que nos parecen de hai séculos, historias que forman parte da nosa vida, que nos fixeron crecer.

Fíxome moi feliz que alguén se acordara de min para escribir na revista, quero agradecer a Carme que me convidara a facer este artigo; agradoume que alguén se acordara do meu paso polo instituto. Parece raro pero esta vai ser a primeira vez que colabore coa revista a pesar de estudar aí catro anos e tamén a pesar de que quixera estudar Xornalismo, aínda que por azar o destino decidira que me licenciase en Dereito. ■

LAURA SEARA SOBRADO

AVOGADA

DEPUTADA AUTONÓMICA POLO PSOE



En tempos de guerra, eramos implacables. Recordo as manifestacións, convocadas con 10 minutos de antelación, clase por clase, contra a invasión norteamericana de Kuwait. É curioso lembralo hoxe, porque foi a antesala do que se aveciñou anos despois coa guerra de Iraq. E é xusto facelo, porque resulta moi grato refrescar a memoria e rememorar cómo todos e cada un dos alumnos do Instituto nos mobilizabamos con toda a nosa forza.... Para que logo viñeran algúns a dicir que a xente moza perdera as ganas de mudar o mundo.

En fin, digo isto porque recordo que unha cousa que me chamou a atención profundamente cando cheguei a Madrid a estudar foi o gran número de mozos e mozas que idolatraban a tipos como Mario Conde. Querían ser coma el, vestir coma el -algúns xa vestían como el-, e ter os cartos que tiña el. E digo que me chamou a atención porque nunca ninguén, xamais, manifestara tales perspectivas de vida e de futuro. E por iso, escribindo estas verbas, volvíñ lembrar aquelas clases de ética ó aire libre, cando nos criamos máis listos que Aristóteles e pensabamos que as letras dos Beatles eran a perfección e o único xeito de aprender inglés.

As primeiras obras, e probablemente as últimas, que lin e incluso "interpretei" do teatro do absurdo foron da man dos profesores do Instituto. Aínda lembro a súa insistencia en transmitirnos os valores daqueles textos respecto do esforzo dos seres humanos modernos para comprender o mundo no que viven. Imaxinádenos lendo a Ionesco en 2º de BUP!!!

Houbo tempo para todo. Ata para repartir preservativos. O Instituto de Xinzo foi un dos primeiros centros de toda Galicia no que os estudantes puxemos en marcha campañas de prevención de embarazos non desexados e SIDA. Hoxe é normal, incluso politicamente correcto, pero hai 13 anos ata os máis intrépidos do lugar non as tiñan todas consigo respecto das "protestas paralelas" que se puideran producir, e que se produciron, maquinadas por algunha forza viva da vila.

Así foi aquela xeración, que ademais de estudar, VIVIU e PENSOU. Que cometeu erros e acertos, que cumpriu os seus soños ou que renunciou a eles, que chegou á meta ou quedou na metade do camiño, que é feliz ou non. Pero que sempre, todo o fixo apaixonadamente.

A todos e cada un de vós: ós que sodes grandes amigos e amigas, ós que o sodes menos e ós que non sei onde estades. A un por un, van dirixidas estas palabras de agradecemento.

Porque ademais, estou segura de que todos pensabamos estar construíndo un lugar honesto, divertido e íntegro para que habitara nel a esperanza humana, que era a nosa propia esperanza. ■

Fai xa 13 anos que abandonei as súas paredes de ladrillo amarelo. Despois de tres anos de "relación", marchei do Instituto cunha mochila atestada de soños e a cabeza feita un sarillo pola responsabilidade que todo pai e nai fan sentir á súa prole cando traspasa a barreira da adolescencia e o corpo deixa de medrar para darlle o relevo ó xuízo.


Pero sobre todo, é a etapa na que a liberdade, cos seus retos e os seus temores, comeza a ser administrada por un mesmo, individual e exclusivamente. Porque é certo que a liberdade é sempre desexada e ambicionada ata o momento en que se posúe plenamente, no que empeza a ser discretamente temida.

Aquel verán eramos imparables e invencibles. Os retos, os ideais, os desexos e as paixóns desatábanse nas nosas cabeciñas e ninguén podería ser quen de frearnos, nin a nós nin as nosas emocións.

Eu recordo o verán do 92 con todo luxo de detalles. E hoxe, 13 anos despois, entendo o porqué da nitidez das miñas lembranzas. Foron uns meses inesquecibles nos que a amizade pasou a ocupar o primeiro lugar na escala de prioridades. Cobrou unha forza tan especial que nin sequera era consciente. Hoxe si pode dicir, con permiso de Alberto Moravia, que a amizade é máis difícil e máis rara que o propio amor, e por iso hai que salvarla como sexa.

Os amigos e as amigas que pasamos xuntos o verán do 92 non eramos conscientes daquela forza. Nin sequera sabiamos o que o destino nos depararía a curto prazo. Pero dábanos igual. E dábanos igual porque a forza das nosas ideas e o profundo convencemento nos nosos proxectos aportábanos seguridade. Coñecerámonos e viviremos tanto xuntos os anos anteriores, que aquel verán sentimos, aínda que nunca o dixemos, que semellante camaradería sería indestruible.

AMAÑECERES E SOLPORES



Do primeiro amanecer da miña vida non me lembro, mais lémbrome de que unha vez vin amencer tirado nunha hamaca da Costa do Sol, en España; fora na viaxe de fin de curso de 1º de bacharelato con fenómenos mediáticos como os xemelgos de Ceredelo, os cales sempre que me ven me din que temos que facer unha cea todos os que fomos a Torremolinos. Ah! Unha folla cunha foto sobre a cal ditaba o título de torrente 3 misión en Sevilla-Torremolinos estivo colada na parede da aula de 1º B de bacharelato da miña época; eu era o Torrente e o Dalshin o Gabino Diego. Nela aparecía a panza do Dalshin todo magro e eu nunha piscina inflábel que acabou toda esfuracada. Daquela viaxe gardo outras lembranzas agridoceas que non vén a conto comentar mais comezo falando dela por seren as viaxes do instituto un dos alicientes que nos motivan para seguir estando no instituto (outra é que até o bacharelato tes de estar alá *por collóns*).

Mais o título vén significando que a nosa vida réxese ou artéllase en épocas cos seus amaneceres e os seus solpores, o meu amencer no instituto foi relatado noutro texto que escribira para a revista en clave de humor con cárceres e carcereiros; e o solpor supoño que o marca aquela tarde

en que nun cíber de Atenas eu e mais outras dúas compañeiras de grego viamos os nosos cualificativos de selectivo; dicía eu na altura que aquilo quizais simbolizaba a imaxinaria liña que nos separaba da adolescencia para nos introducir na idade adulta. Polo camiño para alén destoutra viaxe á Grecia ficaron longas xornadas de risos, amizades e complicidade. Lémbrome de Noelia e Manoli da Xironda a quen aínda vexo de cando en cando e con quen aínda río como cando eramos alumnos do "Lagoa de Antela".

Lémbrome dos avisos da miña nai a respecto da Agustina: "mira que che é moi esixente, váiseche acabar o de rañar a barriga..." e, na verdade, se non fose polas aulas de profesores como a Agustina ou o Óscar, non sei que había ser de min.

Adorei as aulas de latín coa Marisé, nas que para alén de facer análises sintácticas tamén tocabamos outros temas de interese xeral como a etimoloxía (non vale a pena tentar enganar, quen é que se interesa pola etimoloxía? Eu!) ou que non hai nada novo baixo o Sol como acostumaba dicirnos. Eu na verdade é que era moi distraído : dunha vez para un exame de Historia co Moncho non estudara nadiña porque acababa de instalar o Windows Xp (agora xa son deses *freakes* que lle pegan ao *Linux*, nomeadamente o *Kurumin 5.1* en brasileiro).

Tamén gardo un grato recordo dos conserxes (o Paco e o Miguel, ilustre pescador...) e do Roberto que sempre me fala cando vos fago unha visita.

Doutros profesores lémbrome polo pesado que podía chegar a ser con eles bombardeándoos con preguntas, moitas delas sen sentido, á Pilar de Galego débolle moito do que hoxe sei de Portugués...

O ano que houbera aquel tremor en Lugo, resulta que tivemos profesor de alá e non só iso senón que o home era do mesmo epicentro, Becerreá. Un día este profesor do que sinto ter esquecido o nome, deixounos levar os patíns e pasamos as súas aulas rodando polas canchas de fútbol e baloncesto, co que me gustaba a min patinar, tanto que aínda tendo levado uns cantos golpes volvíame erguer para seguir patinando coma se nada.

Até fixen teatro no instituto da man da Carme e cuns compañeiros xeniais, algúns deles *con madeira* e unhas maneiras impresionantes para iso de se pór nun escenario diante de centos de persoas.

En fin, que había que dicir deses anos que para min persoalmente foron do mellor da miña vida? ■

CASTOR SALGADO RODRÍGUEZ
LABREGO



MEU

PRIMEIRO DÍA

36

O meu primeiro día de clase no Instituto de Bacharelato de Xinzo de Limia, que era o nome que tiña naquel entón, foi un caloroso día do mes de setembro do ano 1987.

Naquela época, as mozas e mozos da miña aldea, para poder asistir ás clases no instituto, dispoñiamos unicamente dun autobús, o ANPIAN, que pasaba a iso das sete da mañá; tiñamos que madrugar moito, ademais, como chegabamos moi cedo ó instituto, había días, que tiñamos que agardar na porta a que viñese algún bedel abrírnos. Polo serán pasaba algo semellante, o noso era o derradeiro en pasar, polo que, ata as sete e media, fartabámonos de dar voltas por Xinzo ou de pasar frío na estación de autobuses. Cando chegaba á miña casa, alá polas oito, non tiña máis tempo que para cear e ir á cama; había que erguerse ás seis e media o día seguinte.

A miña primeira impresión no centro foi de asombro

e liberdade. Asombro, xa que os novos profesores, ou polo menos a meirande parte deles, eran pouco máis vellos ca nós; ademais da escasa distancia na idade, a proximidade dos alumnos era maior, xa que unha gran maioría dos profesores falaba galego, e non só nos corredores ou na cafetería (outra das novidades que máis me sorprendeu), senón que impartían as súas materias en galego; xa fose Historia, Matemáticas, ou mesmo Lingua Española, cousa sorprendente para min xa que viña dunha ensinanza totalmente castelanzada.

Outra das cousas que naquel intre non me impresionou demasiado pero que si o fixo anos máis tarde, foi o director que había daquela no centro. Non é que garde mal recordo del, pero aínda hoxe non deixa de sorprendeme o controlados que nos tiña. Ós poucos días de clase lembro, que sen ser profesor meu, dirixiuse a min chamándome polo meu nome, e non só a min, coñecía xa o nome de todos os meus compañeiros.

Lembro tamén a primeira clase que "copei", foi unha de Lingua Española, custoume unha chamada do director por teléfono, non á miña casa, que daquela non tiñamos, senón que chamou ó teléfono público da miña aldea preguntando polo meu pai.

Noutra ocasión a miña sorpresa aínda foi maior, non me lembro por que, pero tiven que ir ó seu despacho, e alí enmarcada e pendurada dunha parede puíden observar unha cartolina de cor negra con fotos de alumnos cercados dunha circunferencia vermella, e ó pé de cada foto, en vermello tamén, podía ler: ALUMNO CONFLITIVO.

Eran outros tempos... ■

MARÍA MÉNDEZ PÉREZ
LCDA. EN CIENCIAS QUÍMICAS
DEPARTAMENTO DA FACULTADE DE QUÍMICAS DE SANTIAGO



COMPOSTELA, 8 DE MARZO DE 2006

The piano has been drinking, esta noite, anestesiado, déixase escoitar coa ledicia de quen vos sabe preto. E Tom Waits canta para min mentres tento lembrar como eramos, nós, o partido, os Guns N' Roses, as pernas de Eva, a miña función, a túa réplica. Pero as imaxes aparecen escuras, as dúbidas xorden, os anos fan doces os recordos máis vulgares e o rapaz da foto non é quen de mirarme ós ollos. Vós

estades alí ó seu carón, agardades o sinal para comer o mundo, non tedes présa, aínda vos gusta xogar a ser nenos. Nas vosas facianas a seguridade de sabervos donos do recreo.

Dende entón, case sempre, novas doutros beizos, un Medicina en Santiago, outro Minas en Vigo, as prácticas, ¿e páganche?, o inglés, un máster, seica deixou a carreira, de Erasmus por Italia, pois botou moza holandesa, ¿e o teu por onde anda agora?, non, tampouco vén ó Entroido este ano, mira que eran amigos. Os correos e as chamadas vanse deixando en nome do tempo, sen reproches, as promesas van caendo. Pero eu...ieu devezco por vervos!

Aramis achégalle a botella a Porthos e Athos apura o grollo. Convidame a acompañalo cun aceno. Xa estamos todos. Facémonos fortes no recanto da mesa arroupados polo sorriso de Eva. Somos nós, xogando de novo. Agardan mil cousas pero quedan para outra, hoxe facemos as paces cos rapaces que fomos un día. Vintecinco anos, estamos de aniversario. ■

M^A ÁNGELES FERNÁNDEZ VILLARINO
 LCDA. EN EDUCACIÓN FÍSICA
 PROFESORA DA UNIVERSIDADE DE VIGO



“A MIÑA PRIMEIRA VEZ”

Dous días quedaban para que rematara o prazo de matrícula e eu seguía sen achegarme por alí. A miña nai, que sempre me resolvera todo, decidira que tiña que comezar a ser autónoma, só a ela se lle ocorreu!, e deixou da miña conta o da matrícula. Coma se non tivera nada que facer! Estaba de vacacións. Eu aprobara o curso, é dicir, cumprira a miña parte do trato, e tocábame pasalo ben, e non martirizarme e pasar un mal trago indo a matricularme nun centro ao que ninguén me preguntara se eu quería ir. O caso é que quería seguir estudando, pero a necidade do medo ao novo, non me permitía entender que o camiño a seguir pasaba polo instituto. Foi o meu tío Sito, un dos primeiros alumnos do centro, o que me convenceu e me levou a matricular. Aquela foi a miña primeira vez no instituto.

A primeira vez que pasei vergonza, foi o día que empezaba o curso. Daquela tiñamos presentación. Xa non lembro a que hora tiña que estar alí, pero aínda receosa de ter que acudir a aquel centro, encamiñeime dende a miña casa (na rúa Dous de maio) ao instituto, cun cuarto de hora para chegar á presentación. Estaba claro que non chegaría a tempo, pero pensei que dese xeito ninguén se percataría da miña presenza e sería das últimas en entrar, pasando completamente desapercibida. Ja! A primeira na fronte. Asómome polo centro e atópome co director. Eu sabía quen era el porque todos sabiamos quen era o director, pero pensei que el non sabería quen era eu. Mandounos pasar, a dúas compañeiras e mais a min, para a sala onde se desenvolvía o acto cos alumnos de primeiro, e diante de todos eles, de xeito sorprendente, presentounos a todos con nomes e apelidos. Xa todos sabían que a señorita Fernández Villarino, Oro Villarino e Gómez chegaran tarde. E eu que quería que ninguén se decatara de que estaba alí.....

A primeira vez que sentín que o instituto era un sitio divertido foi pouco despois de empezar as clases. Era primeiro. Un día estabamos no recreo, e comentamos coas compañeiras a materia que tiñamos despois, unhas Galego, outras Inglés, outras Ciencias... A ningunha nos importou ir a clase, pasabámolo ben. Pero ao mesmo tempo que o comentabamos, entrounos un sorriso nervioso porque nos decatamos que estabamos a recoñecer que nos gustaba ir a clase, e iso non era normal no rol de adolescentes que nese momento estabamos a desempeñar. Nunca llo dixemos a ninguén.

O primeiro ano no instituto foi especial. Participei nunha sentada por primeira vez. Pola mañá houbera un acto académico, non lembro ben o que, e non tiveramos clase. Cando sucedía algo así, tampouco acudiamos a clase pola tarde. Pero aquel día o director empeñouse, volta que tiña que haber clase! E o alumnado, unido ante unha reivindicación tan importante, decidimos facer una protesta conxunta e sentarnos nas escaleiras que conducían ás aulas impedindo o acceso a elas. Aquilo si que foi importante, a primeira vez que me rebelaba contra o poder. E a primeira vez que claudicabamos. Ós dez minutos, en masa, iso si, todos unidos, acudiamos ás clases da tarde. O mellor de todo chegou despois. O director enfadouse moito polo que fixeramos, e foi clase por clase pedindo explicacións do que sucedera. As súas verbas foron:

-Mírenme a los ojos. ¿Creen ustedes que yo me merezco lo que me han hecho?

Eu sempre pensei que a sentada non fora para atacar directamente o director, pero si el o quería entender así...

A verdade é que a miña vida no instituto está chea de primeiras veces: o primeiro exame tipo test, a primeira vez que unha canción dos Beatles era contido curricular, o meu primeiro suspenso, a miña primeira excursión á Coruña, as primeiras actividades extraescolares, a primeira vez que practiquei atletismo, a primeira vez que me sentín discriminada por ser muller e non poder xogar ao fútbol, a primeira vez que participei nunhas eleccións sen ter 18 anos (consello escolar), a primeira vez que fun á discoteca (era San Tomé de Aquino), a primeira vez que "copei" e que me pillaron, a primeira vez que souben o que quería ser de maior.

Houbo moitas primeiras veces, porque no instituto pasei catro anos enteiros e, ao igual que me pasara co colexio, non entendía por que, despois de todo ese tempo, tiña que marchar para outro sitio no que non sabía se me atoparía a gusto. ■



O poeta é un finxiador

Pessoa

*Sobre unha palabra non se constrúe a sensibilidade;
toda construción converxe na perfección que aborrece,
idea estancada dun pantano dourado,
relativo produto humano.*

Tristan Tzara



Falo aquí e agora, que é coma dicir que quedo aquí falando só para sempre, sen saber se alguén me escoita, nin cando. Co eco de tantas horas coma sombras ao lonxe, agora aberto a ouvidos que tamén son meus e serano deica sempre. Falo case para min mesmo coa boca emprestada dos amence-

res na chaira, de tanto amigo que ficou aí, tamén. Asolagado, si, mais na memoria sempre.

Gústame a palabra "sempre", quizais xa te decataras. O caso é que no seu interior collería un todo inmenso, e mais non hai nada. No "sempre", esa eternidade que soñamos cada día, eu arrombo todos os recunchos que me pasaron pola ollada.

Pensa en calquera lugar no que estiveses nun día calquera, ou en calquera casa, en calquera rúa ou nun monte calquera. Pensa nun intre aí dentro, precipitado nas ausencias das paredes recentemente pintadas, camiñando coma un autómatas co instinto publicitario a turrarche do pescozo, bravo, brusco, ou respirando fondo, dende o alfo.

Coma se che fose a vida en pensalo, pensa... e has dar visto novamente até o máis mínimo pormenor do que alí había. Cada moble, cada predio, cada marelo sobre verde. Porque nada muda nunca, nada pasa de todo, nada paira sobre ti senón que te marca, coma unha besta tamén brava,

tamén bruta, ou coma un couce atinado na entreperna.

Pola contra, somos sempre o mesmo, mais os recunchos que ficaron por sempre na penumbra, mais as palabras que calamos, mais as que non se nos entenderon canda os salaios. A palabra "sempre" é coma a vida mesma.

...

Acábome de escoitar e non me gusta o que digo. Ás veces cando falo parezo parvo. Es parvo ou comes merda? Es parvo ou fumas chicle? Había verdadeiras competicións nos recreos por ver quen innovaba na fraseoloxía. Algúns mesmo falaban español. (Xa sei que non vén moito a conto, pero tiña que dicilo. Porque cando un galegofalante decide mudar de lingua, poderá pór moitas escusas, proclamar a harmonía aos catro ventos e mesmo dicir "porque me dá la gana". Pero nunca xustificará a falta de consideración con aquelas persoas que gañan o pan reivindicando a nosa lingua...)

Comezo por describir o que quero dicir, as sensacións que me producen os pensares. Enléome na descrición e ao final non digo nada, ou case nada.

...

Ás veces, certamente, parezo parvo. Tantas que case cheguei a crer que o son de verdade. Convenceríame por completo se soubese o que é ser parvo. Quizais apenas unha sensación coma outra calquera; quizais un xeroglífico indescrutable no ADN dalgún antepasado que se dese á bebida; seguramente máis un caixón de xastre de tantos como fabricamos para inventar o mundo á nosa medida e así collermos nel, coma cando dicimos "carballo", "edificio" ou "mar infindo".

...

"Padece vostede de febre clasificatoria", díxome o médico mentres anotaba o meu número da seguridade social. E razón non lle faltaba ao condenado. Por instinto de supervivencia ordenamos canto vemos, establecemos contrarios, distinguimos diferenzas, procuramos coma parvos as razóns das evidencias, branco ou negro, bo ou malo, muller ou home... até reduciilo todo a dicotomías ficticias, inútiles coma o maxín que as pariu. E todo para meter o mundo na cabeza e así facermos parte del.

Curiosa enfermidade a dos humanos. Medramos coa convición de sermos especiais, iluminados. *Homo sapiens & sapiens*, por se non quedaba claro. Os escollidos por nós mesmos, os nosos preferidos. Crémonos gloriosos, inmejorables, o maior logro da natureza, os máis valiosos... pómonos prezo e convertémonos en mercadoría.

Os enfermos terminais chegan á conclusión de que canto acontece xa vén dado, que xa todo está escrito, o de

onte, o de hoxe e o de mañá tamén. Todo irreversible... e a todo lle tiran o sentido, dopados coma as bestas aquelas, mais camiño xa do matadoiro, só co matadoiro no horizonte. A estes eu dígolles fracasados, porque a doenza do animal pensante deriva na tolemia ao non dar razoado as cousiñas, sentidiño, amodo *baby*, descontrae... Esquecen que endexamais mutamos e que somos o de sempre; animais ora cazadores, ora recolectores, ora antropófagos. Esquecen que somos apenas un complexo molecular en constante movemento; materia con vida para perdela, apodrecer e volver á materia orixinal, ao anaco de universo a xeito de planeta ao que estivemos sempre xunguidos. Quizais tanto realismo lles faga mal aos bempensantes...

...

Non nos apoderamos de nada por lle pórmos un nome. O mundo está aí só para vivilo por lóxica, devoralo, por lóxica escornalo e transformalo pola inercia da materia en constante movemento.

...

Cando ía ao instituto erguía cedo pensando na rutina. Hoxe esa rutina é parte do que son. Eses recunchos de tixolo marelo e cemento, cada percha na que pendurei o meu escudo, cada bocadillo de touciño con queixo e conversa na cafetaría, os corredores sen curvas, cada cara de inimigo e xices brancos, cada partida ás cartas, cada compás e gargallada colectiva, cada beixo, cada cerveja, cada insulto e cada "bos días",... Toda esa rutina enorme que foi miña, e na que aprendín a ser eu mais o que eran uns mais o que outros non daban sido: Persoa.

Pensar o que me peta, mais sempre convencido e consciente de pensalo. escoitar aos demais, aprender deles e respectalos sempre, mais sen esquecerme do respecto que o feito de eu tamén ser persoa me merece. Cos ouvidos ben abertos, tanto tanto coma a boca grande, lingua áxil, destemida, adiante, adiante sempre, cara adiante.

E cuspir cando mo pide o corpo. Cuspir a gusto e ser para os outros só un grandísimo Herexe, un "cuspidor". Só así ceibe, Persoa ceibe.

(Contradición)

E mais nada.

...

Máis nada. ■

POEMA TORRE

DA PENA

MOVÍASE	ALGO CANDO	TE ACHEGABAS	AO ABISMO
ENTRE AS	PENAS E O	CEO	
DENDE O	CHAN AO PÉ	DA TORRE	
NUNCA SUBIRAS	AO ALTO E INDA	ASÍ MOVÍASE	ALGO
DENDE O FONDO	ENTRE AS	SILVEIRAS	

AQUELA PEDRA VASTA DEVASTADA POLO VENTO

E TANTO BERRO NO SEU VENTRE POZO ESCURO

DE AUGAS MANSAS DE PODREMIA ENXEBRE

NAQUELA TORRE ESPELLO XORDO DO UNIVERSO

AQUELA PEDRA LABRADÍO SUBCONSCIENTE

TU NO CHAN DO CEO QUE SAÚDA

TU NO FONDO DE TODOS OS TELLADOS

A OLLADA AO RENTE DA ARQUITECTURA QUE TE ESCULPE

E NO ACENO DO CEO É XA TODO MOVEMENTO

E Á TORRE NACÉRONLLE ASAS E

É UN PEGASO E TU AGALLOPAS

NO SEU LOMBO REXO

NO SEU LOMBO ESTIRPE

DE PEDRA E ESVAES

NO OUTEIRO E

SOÑAS AGALLOPA AGALLOPA

AGALLOPA ACORDAS

MEMORIA SALOUCO

E RENEGAS

DA TORRE

...

MOVÍASE ALGO E NON SUBIRAS INDA AO ALTO

ERA VERTIXE O QUE SENTÍAS AO PÉ DA TORRE

PALABRAS NO PAÍS

A VERTIXE DAS

DOS CEGOS ■

MANUELA IGLESIAS CID
XORNALISTA DE "LA REGIÓN"



O INSTITUTO, A PRIMEIRA GRAN EXPERIENCIA VITAL

Era setembro de 1994 cando subín por primeira vez as esca-leiras da entrada do instituto. Era o primeiro día de clase, tiña catorce anos e comezaba a estudar primeiro de B.U.P. Eu viña do colexio público de Vilar de Barrio onde fixera a E.X.B. Algunhas das miñas amigas tamén empezaban esta nova andaina escolar, e neses momentos, entre a incertidume de como ían ser as novas materias e os profesores, o que máis nos preocupaba era se íamos seguir xuntas na mesma clase. No salón de actos, onde estábamos todos os "novatos" comezaron a distribuírnos por grupos. A min tocoume no C e as miñas amigas e compañeiras (Cristina e Rosa) do colexio ían xuntas no B.

Era un cambio. Na miña clase rapaces e rapazas, sobre todo de Xinzo, todos descoñecidos e entre os cales eu sentía que non encaixaba demasiado, entre outras cousas porque eu era unha das poucas que falaba galego e iso aínda nesa época en "Ginzo de Limia" non estaba moi ben visto. Aínda que iso non supuxo ningún impedimento para facer novos compañeiros. Recordo perfectamente esa clase, Natalia, Camilo, Alberto, José, Soraya e Raquel coas que anos des-pois inicié unha profunda amizade, que segue hoxe. Tal vez non foron as mellores compañeiras de instituto, pero si da Universidade, onde compartín con elas os meus catro anos

de carreira.

Recordo primeiro de B.U.P. porque supuxo o inicio da miña madurez persoal e escolar. Profesores como Remedios, de Lingua Española; Agustina, de Historia e Música; (sinto non lembrarme dos apelidos) Carmen, de Lingua Galega; Carmen, de Matemáticas, aínda que as ciencias non foron o meu forte; Iñaki, de Educación Física, co que aprendín qué era o "test de Cooper", xa sabedes, correr doce minutos seguidos e iso supuña moito máis para min que estudar todo un trimestre de Historia. Non me esquezo das clases de Relixión con D. Florencio, todo un personaxe, nin de Cristina que me ensinou todo o que sei de Inglés. A lista é moito máis longa pero eles foron os primeiros que espertaron en min o desexo de seguir estudando para seguir aprendendo.

Dicían que segundo era o curso máis difícil, pode ser. Eu por primeira vez suspendín unha materia, Física. Pelexei coas Matemáticas e a trigonometría de José Luis. Adentreime na Literatura Española coa que máis sabía desa materia, Vicky. E por primeira vez falamos en clase da desigualdade social e económica dos países do Sur, tamén chamados subde-senvolvidos fronte ós do Norte, os países ricos, os do Primeiro Mundo. Foi con Roberto, que hoxe é o director do I.E.S. Lagoa de Antela, que cumpre vintecinco anos.

Lembro que tivera unha discusión cos meus pais porque eles querían que fose a un centro privado en Ourense. Nesa época o instituto de Xinzo non gozaba dunha boa fama, e existía a crenza de que a educación privada era mellor que a pública, algo co que eu nunca estiven de acordo. Eu ase-gureilles que o rendimento escolar dependía, e moito, dos profesores, pero aínda máis de ti mesmo e do teu interese por aprender. Díxenlles, "non quero, non quero e non vou a Ourense". E nunca tiveron que reprocharme a miña decisión.

Entre clase e clase afianzábanse as relacións persoais. Os que non eramos de Xinzo tiñamos que comer alí, ou na

cafetaría, ou nalgún bar próximo ó instituto. Era o momento para relaxarse e falar cos amigos das clases, das túas ilusións, e tamén dos mozos. Pouco a pouco fun facendo novas amizades. A algúns xa os coñecía de antes, das tardes de verán en Xinzo, pero durante esa época formamos un peculiar grupo de rapaces e rapazas, cos que compartía todas as miñas novas experiencias. E algúns aínda son hoxe moi bos amigos. Nunca esqueceré eses recreos na biblioteca con Vitxi, Dani, Rico e os outros. Non faciamos nada especial, simplemente falar, da vida, dos nosos proxectos e, sobre todo, da fin de semana. E Xesús, co que casualidades da vida, agora comparto traballo, el como fotógrafo e eu como xornalista. Con outros quedou o cariño pero as nosas vidas, foron camiñando por derroteiros distintos, e o contacto foise perdendo.

42

Terceiro foi un curso clave, había que tomar probablemente a primeira decisión importante, saber cara a onde querías dirixir o teu futuro profesional, elixir letras ou ciencias. E eu tiño clarísimo, prefería ler todo os libros obrigatorios das Literaturas Galega e Española a ter que resolver os problemas da Física e a Química. Continúei coas Matemáticas, aínda que sabía que nese coñecemento eu só podía ser mediocre, pero interesábame. Ese ano con Moncho descubrí outra forma de ensinar a Historia, que me apaixonou, non baseándose na repetición memorística de datos e datas, senón intentando entender por que pasaban os feitos. Collín práctica niso de traducir os clásicos coma Virxilio nas clases de latín impartidas por Marisé e coñecín outros clásicos, neste caso da Filosofía explicada dun xeito moi didáctico por Javier.

Nestes tres anos comezou e rematou o primeiro período educativo que te ía guiando cara á Universidade. De súpeto, a idea de ir á Universidade, que en primeiro soaba a algo afastado e mesmo irreal estaba cada vez máis preto. Só faltaba

o derradeiro curso e o máis importante, a clave para prepararte para a temida selectividade, a verdadeira porta cara á Universidade. O de COU foi para min o ano máis intenso e interesante. A educación comezaba a ter sentido e tamén un obxectivo, ter unha boa nota para poder estudar xornalismo en Santiago. Aínda que non sei en que intre descubrí en min esa vocación de contar, neste caso informacións, pero cando rematei o curso sabía que a primeira carreira da lista era esta. Os coñecementos adquiridos no instituto foron un pilar fundamental na miña formación persoal e sobre todo académica e serviron como base da miña actual bagaxe cultural.

Agora, mirando cara a atrás doume conta do feliz que fun durante toda esa época, que os problemas que me preocupaban non eran tan importantes como pensaba, e que o duro aínda estaba por chegar. Porque penso que moito máis difícil que a adolescencia é o paso cara á madurez e a loita por non deixar de lado iso no que sempre criches fronte ás imposicións sociais, que custa aceptalas pero ás que tes que te ir afacendo cando chegan as responsabilidades. No instituto aprendín moitas cousas, coñecín as que agora son as miñas mellores amigas, e tamén os meus primeiros amores, eses que nunca se esquecen. E entre as clases e as tardes no xardín, empecei a ser como son agora, aínda que sei que falta moito por aprender, nunca o sabes todo, nunca estás o suficientemente preparada para isto da vida. Pero niso estamos eu e os da miña xeración, os que eliximos o nome deste instituto, Lagoa de Antela, os que participamos nas festas do Entroido e o Magosto, estamos agora facéndonos adultos e esa experiencia en Xinzo de Limia forma parte de nós, dos nosos recordos máis entrañables. Grazas a todos hoxe podo escribir este relato non como xornalista, senón como alumna, porque eses anos foron para min a primeira gran experiencia vital. ■



SUBXECTIVAMENTE OBXECTIVO

É gratificante saber que a seca da lagoa non supuxo o esgotamento da inquietude, da cultura, do pensamento libre... nas leiras individuais da Limia, que temían a un longo estío sen auga. Dende hai 25 anos, unha cifra digna da maior das celebracións, vén dedicándose o *Lagoa de Antela* a este labor, sucando nesta travesía anos da historia de España e Galiza.

Anos sufrindo e celebrando directa e indirectamente todos os acontecementos que marcaron este cuarto de século no noso país.

Ben é certo que as mentes, a personalidade da sociedade, mudou moito nestes 25 anos, porén, sempre existiron almas inquedas que buscaron o coñecemento como o taxi para un futuro mellor e como defensa dos intentos dalgúns de afogar o pobo apoiándose na incultura e no conformismo que deriva dela, asolagando de podremia o existir mundanal.

No entanto, non todo é mel á hora de saciar o apetito de saber, as ansias de poder moldear coas propias mans o futuro dun mesmo.

Neste andar atópanse árbores de todo tipo no correr do río que truncan a viaxe. O sedentarismo dos "currantes" do ensino por desgraza sempre existiu e existe e supón unha pedra afiada no descenso dos rápidos. O facer impecable dalgúns chínase de cinsa por mor doutros que se acomodaron na cadeira, perderon a ilusión, se algún día a tiveron, ou autoproclamáronse guías da dureza da vida, ben por insensatos ou por vinganza de vivencias pasadas.

Desta praga tamén se viu e se ve infestado o *Lagoa de Antela*, pero se evitades o erro de fumigar toda unha horta por dúas plantas con bechos, veredes un talento palpitante noutros moitos e unha ilusión pola súa tarefa.

Só podo desexar que estes 25 anos sexan o comezo dun longo camiñar, sempre importante e preciso para todos. Sorte! ■

DAVID G. MÍGUEZ

DOCTOR EN FÍSICA. BOLSEIRO EN BOSTON

DE NDE BOSTON

Pasaron xa tantos anos que non sei canto queda en min daquel rapaz. Gustaríame crer que é bastante. Lembro máis ben pouco dos meus días no instituto, sen ningún feito salientable que marcasse aquel período, máis alá da morte de Kurt Cobain. De seguro que a sociedade estaba a cambiar drasticamente, pero isto era totalmente alleo. O mundo reducíase ao meu grupo de amizades, dos cales estou ledo de conservar aínda a meirande parte. Eles constituían o verdadeiro núcleo duro na vida diaria do instituto. O meu micro-cosmos.

Obsesionábanme as palabras novas que ían xurdindo: Internet, globalización, antiglobalización... No mundo exterior xestábase "algo" que nos era alleo nun pobo onde, como recordo dicir, non chegaba nin o virus da gripe.

Quero supoñer que o meu maxín estaba constantemente asolagado polas inquiredanzas típicas dun adolescente, cheo de ideais, intencións e inquiredanzas que aínda non perdín. Non tiña moito tempo para pensar en estudar, e moito menos no que facer despois: elixir unha carreira, buscar traballo... isto quedaba a anos luz. Rexíame por unha das leis da Física: a lei do mínimo esforzo. Tiña a impresión de que aprender consistía en aprobar exames, sen comprender a utilidade das ecua-



cións, da análise gramatical, e do latín. En resumo: o instituto era un coñazo, as clases aburridas e os profesores uns carrozas.

No ámbito académico, salvo contadas excepcións, os docentes non conseguían motivar o alumnado. Recoñezo agora que as aulas de 40

alumnos non puñan a cousa doada.

Supoño que moitos profesores saían satisfeitos da clase se durante os cincuenta minutos lograban controlar a ignición hormonal nesa leoneira.

As aulas estaban estruturadas en dúas fronteas, sen medias tintas: os listos e futuros "trionfadores" (sentados nas primeiras filas) e os vagos e futura carne de "vidreira" (na retagarda da aula). Eu intentaba moverme no medio, pero tiña a impresión de que os das últimas filas tiñan moito máis que dicir. Sempre fixen boas migas cos repetidores e tripitidores, se cadra porque os deixaba copiar nos exames, nunca se sabe. Con todo, ía aprobando con máis ou menos boas notas, e con algunha que outra mancha no expediente (o profe de relixión non gustou dun traballo que fixen sobre a responsabilidade do Papa na creación da Inquisición Española).

Agora miro cara a atrás e vexo que non todos os "sobresalientes" da clase "sobresaíron" e que non todos os que barullaban nas últimas cadeiras están metidos no bar, se cadra porque a vida non é aprobar ou suspender, senón algo un chisco máis

complexo.

Rematei o instituto, fixen a selectividade e estudei Física. Alí vin como os rapaces que viñan de institutos de pago parecían moito máis preparados ca min. Eles resolvían integrais que na miña vida vira. Eu, que sempre defendín o ensino público fronte ao privado ou concertado, sentía que quizás estaba equivocado, e que sería mellor pagar por unha educación de calidade, xa que o estado non investía no ensino público. Eles tiñan ximnasio, piscina, excursións, clases de reforzo... e nós tiñamos un bar cun fútbolín.

Chegaron os exames e o índice de aprobados era o mesmo. Quizás no colexio de curas tiñan mellor base, pero nós sabiamos aprender pola nosa conta e na universidade non había "espírito santo" que os iluminase.

Custoume sangue e suor (algunha bágoa case tamén) sacar a carreira. Ou remataba canto antes a universidade, ou remataría ela comigo. No día despois do último exame comecei a traballar de profesor nunha academia, onde aprendín moito máis dos alumnos do que lles ensinei. Decateime entón que me resultaba máis doado aprender que ensinar así que decidín voltar á universidade e facer os cursos de doutoramento. Unha cousa levou a outra e acabei facendo unha Tese no departamento de Física Non-Lineal e Sistemas Complexos da Universidade de Santiago. Catro anos despois "parín" a tese.

Agora traballo de científico nunha universidade americana, onde fago experimentos en sistemas non homoxéneos afastados do seu estado de equilibrio. Tratamos de explicar os mecanismos de diferenciación celular que ocorren durante o desenvolvemento embrionario, no cal células idénticas poden desenvolverse formando parte de órganos diferentes. Nestes sistemas prodúcense patróns e estruturas periódicos,

espirais, labirintos, que poden ser explicados cunhas sinxelas ecuacións non-lineais, se as comparamos coa complexidade dos sistemas vivos.

A pesar de estudar Física, no meu traballo estou cada vez máis metido na "bio-cousa": biofísica, bioquímica, biotecnoloxía... buscando estacionarme nun equilibrio inestable entre as ecuacións e a natureza.

No ámbito persoal a miña experiencia nas Américas estame a aportar moitas cousas. Cada día aquí está cheo de novas sensacións e experiencias das que se aprende acotío. Pero sen dúbida ningunha, o que máis lle agradezo a este país é que me ensinou a amar o meu lar. Non te decatás do valor real da túa terra, da túa xente, do teu idioma ata que o albiskas dende lonxe. Estar en contacto con outras culturas faime consciente das condicións privilexiadas nas que crecín: familia, amigos, natureza...

Quen me ía dicir a min que estaría en Boston escribindo sobre o que sentía eu aos quince anos de idade? Que me ía dicir que o director do instituto me ía chamar ao meu teléfono "sen fíos" e que eu lle ía mandar unhas fotos "dixitais" vía "Internet"? Quen me ía dicir que algún día reconecería a pegada que deixaron en min aqueles anos de instituto, un instituto que ten case a miña mesma idade, onde se formou xa toda unha xeración de limiaos?

Para rematar quixera expresar os meus paabéns a todos os implicados directa ou indirectamente no funcionamento do Instituto de Xinzo, que nos viu despertar, descubrir o mundo, facernos mozos e mozas... un instituto que xa é parte indispensable da vila. Un instituto que, co esforzo común, siga mellorando cos anos e se convirta no motor cultural da comarca. ■

PILAR CID

ORIENTADORA DO I.E.S LAGOA DE ANTELA

APRENDER XUNTOS

Os centros escolares, na actualidade, presentan un nivel de complexidade notable, debido sobre todo a que acollen alumnado máis diverso e heteroxéneo e ademais porque a sociedade esixe cada día máis responsabilidades ó sistema educativo.

No ámbito escolar, levamos moito tempo falando de *atención á diversidade* e das diferentes medidas para dar unha resposta adecuada ó conxunto do alumnado; en principio foi un punto de partida cara á dinamización dos Centros, tanto de forma curricular como organizativo, á utilización de novos recursos e mesmo a unha renovación no proceso de ensinanza-aprendizaxe

Neste momento semella que a escola xa está preparada para acoller alumnado diverso, e ofertar, na medida das súas posibilidades, a mellor educación para todos.

É neste marco teórico no que se basea o proxecto educativo do *IES Lagoa de Antela*, que pretende ofrecer un modelo educativo fundamentado basicamente nas seguintes premisas:

- a) Un modelo en que se aprende a convivir, respectando as diferenzas como valor e como dereito.
- b) A finalidade da educación é a mesma para todos, é



dicir, acadar o desenvolvemento integral das súas potencialidades.

A saber convivir non se aprende alcanzando unha serie de

obxectivos, non a traves dunha serie de normas aprendidas.

A convivir apréndese convivindo. Se entendemos así a convivencia, deixa de ser un obxectivo da escola da diversidade, para converterse nun principio xeral.

Se consideramos que educar é ofertar posibilidades, todos, en maior ou menor medida, o conseguen de acordo cos seus intereses.

A inclusión do alumnado con necesidades educativas especiais, permanentes ou transitorias, está comprobado que é positivo para o conxunto da comunidade educativa, porque todos saen gañando.

Por un lado, a convivencia na diversidade orixina vantaxes con relación a aspectos sociais e da formación da personalidade, polo que a experiencia de vivir a diferenza desde a escola aporta un enriquecemento humano que non se produciría noutras circunstancias escolares.

Pero é que, ademais, dinamiza e inflúe de forma notable na prevención e detección precoz de novas necesidades, para que non se produza unha desintegración.

Concluindo, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais nos centros ordinarios é vantaxoso para o conxunto de todo o alumnado. ■

25 ANOS DE INSTITUTO.

O I.E.S. Lagoa de Antela cumpre 25 anos. Non sabemos os da miña xeración a sorte que temos en Xinzo de Limia co noso instituto, de contar na nosa vila con dous institutos públicos que son a porta da cultura, a porta a todos os mozos que optan por buscar un futuro co estudo. Persoalmente, o meu paso polo I.E.S. tivo os seus momentos, mellores e peores pero, en xeral, recoñezo que no noso centro se leva a cabo un bo labor educativo, e non me refiro ó marco académico, senón ás diversas mobilizacións e actos relacionados co compromiso social da ensinanza dos que puideron ser testemuña nos meus seis anos no Lagoa de Antela. Recordo con especial emoción os anos do desastre do Prestige, da guerra de Iraq, o do Tsunami e moitos tristes acontecementos cos que os profesores de Xinzo

sempre se comprometeron e solidarizaron.

Ben, e dende Santiago, onde estou estudando 1º curso de Comunicación Audiovisual quero mandar un saúdo a todos os meus ex-profesores e ex-compañeiros, e animar a estes a que aproveiten os anos de instituto nin para estudar só nin para saír só, pódense facer as dúas cousas, eu demostréimo, saín de festa pero tamén estudei, agora podo disfrutar desta vida que é a universidade. Non o dubidedes, hai que enriquecerse no saber da vida pero tamén no saber intelectual para poder chegar alto. No paso á universidade dáste de conta de todas as cousas que te estarías perdendo de non ter aprobado os exames do instituto, e resulta que de paso estas-te labrando un futuro, o que queres ser na vida. Eu, dende logo, non o cambio por nada. "a vida de estudante é a mellor!". VALORADE O QUE TEDES. Biquiños para todos. Especialmente para Isa de 2º de Bach.!! ■



GABINO FARIÑAS

PROFESOR DE E.FÍSICA NO I.E.S. DE A RÚA

AQUEL SAN TOMÉ...



Non lembro moi ben se a primeira foi no 84 ou 85. Nos sucesivos, a festa do San Tomé adquiriría no I. B. Xinzo, que por aquela así se chamaba, dimensións de todo desproporcionadas para un Instituto de vila de pouco máis de oito mil habitantes.

Isto era ata tal punto que a empresa Rank-Xerox, subministradora, entre outras, da cinta que marcaba o percorrido da carreira, semellaba ter a súa sucursal no I.B. Xinzo.

Tal que unha mestura de evento deportivo, festa do

estudante, lugar de encontro; o San Tomé en Xinzo, ou máis ben, Xinzo, polo San Tomé, convertíase ano tras ano, no centro e capital das ensinanzas medias de Galiza e, por que non dicilo?, do norte de Portugal; polo que ninguén xa dubidaba en chamalo, con todos os dereitos, "Cross Internacional do Día do Estudante".

Ao longo desta década dos oitenta o, por aquel entón, Director do Centro, Luís López Grillé, coa súa persuasora tenacidade, centos de horas de abnegada dedicación e celo no traballo, conseguía que alumnado, profesorado, APA, Administración Educativa, establecementos Comerciais das máis diversas actividades, Centros de Ensino e ata o Consulado Portugués, se implicaran, sen complexos, na celebración do evento. Chegando a pasar, en máis dunha edición, dos mil participantes; que se di pronto.

Non faltaban a esta cita anual centros de ensino coma o Meixueiro de Vigo, Lasalle de Santiago, Ollos Grandes de Lugo, públicos e privados de Ourense capital, de Valdeorras ao Ribeiro, de Monterrei ao Arenteiro, de Chaves a Ponte de Lima, arrastrando a Ponte da Barca, todos, polo San Tomé tiñan, na Lagoa, unha cita irrenunciable.

Inmediato á volta do Nadal, o Centro era un ferveiro. Fóra das aulas xa só se falaba de invitacións, trofeos, notas de agradecemento, dorsais, percorridos, pancartas, autobuses, refrescos, e toda clase de alimentos que a imaxinación se encargaría de combinar e que ían chegando ao Centro nos días previos, pois había que dar de comer a máis de mil nenos e nenas sen que a este lle custara unha peseta. Ata o organizador da San Silvestre Vallecana, galego, como non podía ser menos, presente na edición do

oitenta e sete, quedaba asustado pola inmensidade do evento, abraiado polo escrupuloso da organización e o coitado do máis pequeno detalle que só xente dedicada a este tipo de aventuras, dá en reparar; e ao mesmo tempo valorar polo escaso da infraestrutura, sen Marketing, sen cartiños que caían de exclusivas de medios audiovisuais. Só o esforzo ilusionado dunha pequena Comunidade Educativa e o incondicional apoio dunha vila que en plena preparación do Entroido facía unha paréntese trocando as Pantallas por atletas, os disfraces por chandals, as carrozas por hospitalidade e as charangas por ilusión.

No deportivo, polo Cross pasou o máis selecto do actual atletismo galego, nomes que ao máis profano sen dúbida lle soarán e que acudían a Xinzo coa humildade que caracteriza ao gran campión. Deixándonos, daquela, as súas prometedoras e firmes pegadas á beira do Limia, na rúa San Roque ou no Parque da Alameda.

Foi a raíz da segunda edición, e á vista de tanto campión, que empezou a xestarse a idea dun Clube, que sería de nome "A Ra", non cabía outro, nun intento de dar saída ás inquedanzas de tantos nenos e nenas que vían no atletismo unha alternativa a eses momentos de lecer, ás súas lexítimas aspiracións deportivas e, por que non?, a un soño, que para máis dun, sería a súa meta profesional.



Clube que tería o seu viveiro nos centros de EXB, abnegados aliados, e no propio Instituto, tamén sede social, ou mellor dito, fogar de tantos e tan bos atletas e mellores persoas, do que saían con descaro a percorrer os estadios e campos da xeografía galega e estatal.

A lista é longa, mais non poño nomes, sería imperdoable que un só quedase no tinteiro, pero neste momento, pecho os ollos e, en silencio, os seus rostros, os seus sorrisos, tamén moitas das súas bagoas, acoden á miña mente coma flashes brillantes, un tras outro unha tras outra, fotograma a fotograma ...

A todos e todas: GRASIAS por compartir aqueles anos que, a bo seguro, quedarán gravados para sempre na vidreira de honra das nosas mellores lembranzas.

Volvo a Xinzo de cando en vez, e non é fantasía se vos digo que ó pasar polas súas rúas

unha ferverza me invade no máis dentro e sinto o meu peito retumbar coas pisadas daqueles ATLETAS, e coa pel arrefriada pola brisa que seguen a deixar os seus alentos, maxino con nostálgica ledicia que son fantasmas dos seus corazóns castigados a percorrer, por unha e outra vez, a eterna vila, por cruzar o río Lethes, por sempre, encadeados ó esquecemento. ■

TOMÁS GARCÍA

PROFESOR DE BIOLOXÍA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA

PLANTA ÁRBORES



Case vinte anos separan as dúas imaxes; no factor humano apenas hai diferenzas, rapazas en torno aos 15-16 anos diante dun loureiro real (*Prunus lusitanica*). Os alumnos e alumnas entran na vida do centro, conviven seis anos, deixan a súa pegada, e marchan a continuar a súa vida por outros derroteiros; outros e outras, coa súa mesma idade vanos substituíndo, nunha renovación continua onde a idade dos nenos e nenas é invariable. O loureiro real medra, perdura no tempo; dende o seu lugar, estático, seguro, observa as continuas renovacións que se están a producir; testemuña ao longo de todos os

anos da vida do instituto, de feitura, segredos, alegrías, choros, frustracións ou éxitos que sucederon ao seu carón, na súa sombra.

Diante da fachada da fea caixa de ladrillos amarelos, inicialmente palafítica, plantaron unhas cantas árbores: varias especies de chopos (lombardos, canos e pereiras), algunhas coníferas (tuías, chamaeciparis, cimbros e cipreses) xunto a plantas ornamentais; mais o loureiro real. Na primeira imaxe ten de seis a oito anos, na de hoxe case chega aos trinta; é a árbore máis vella do patio. Notas de

cor e vida. A maioría deles hoxe teñen xa unha importante aparencia arbórea, algúns máis altos que o propio edificio.

Non quedarán sós, dende o ano 1987 en sucesivas vagas de plantacións, con colaboracións máis ou menos voluntarias de alumnos, alumnas, profesores e profesoras temos ido repoboando: centos de exemplares

van ir ocupando pouco a pouco os espazos verdes; a porcentaxe de éxitos e a súa transformación en adultos non é que sexan para botar foguetes. Se de algo non hai dúbida na Galiza na que estamos, é que para moitos dos seus habitantes a árbore non é precisamente algo valorado: se hai que facer unha obra ao seu redor, alá van as árbores; se ten que pasar un camión, case con seguridade o cami-

máis recto é por encima da árbore; se hai que facer un muro, como a bela visión do cemento hai que contemplala, as árbores alá van. Ás veces rogabamos para conservalas, (... estes ecoloxistas que cousas máis raras piden.. dicían os responsables de obra) mais ao día seguinte, nin pegada delas. E as secas dos veráns!, cantas delas xa agromadas morrían de sede nas areosas terras da Limia.

Pero que lle imos pedir a unha comarca onde o modelo de concentración parcelaria, feita ao longo da vida do instituto e auspiciada pola anterior administración, supuxo a desaparición de milleiros de árbores centenarias e o cambio drástico e dramático da paisaxe da Limia...? E tantas outras actuacións -desecación da Lagoa, perda de zonas húmidas, canalizacións dos ríos, explotacións de áridos, podas e cortas sen criterio-... A árbore sempre saíu malparada.

Dende o outro lado somos perseverantes, e aínda que collamos tanta rabia o día que un deles desaparece, no outono seguinte volvemos plantar, e así sucesivamente.

A finais do curso pasado tiñamos case 200 exemplares consolidados, pertencentes a trinta especies diferentes. Neste curso plantamos cen árbores polo vintecinco aniversario, que xunto a outras actuacións, lévannos a contar con 350 exemplares de variadas idades dunhas corenta especies distintas.

Puxemos o noso gran de area, seguro que nalgúns dos rapaces participantes mudou a súa sensibilidade. Da responsabilidade e toma de decisións deles no futuro esperamos e desexamos o mellor. Hoxe, xa, algúns sinais positivos comezan a aparecer, como esa declaración de reser-

va da Biosfera por parte da Unesco dun recuncho da Limia, os concellos de Vilar de Santos e Rairiz de Veiga xunto aos de Allariz e A Bola.

Entre tanto, estes poucos seres vivos foron capaces de retirar da atmosfera uns cantos quilogramos de CO₂, previa-



mente botados por nós; déronnos un pouco de osíxeno, fertilizaron as terras, evitaron en algo as perdas tan fortes de humidade do chan no verán, axudaron a limpar os solos de substancias contaminantes, consumiron e transformaron toxinas que doutro xeito chegarían aos ríos; serviron de morada e proporcionaron alimento a numerosos paxaros, crearon acubillo a outros animais; van creando pequenos ecosistemas; déronnos a sombra onde descansar nos finais de curso, proporcionáronnos beleza cambiantes coas estacións, déronnos certa paz emocional. Deixémoslos medrar, e como di o proverbio: coñecerás e saberás amar as árbores cando comprendas que aquelas que plantaches darán sombra aos teus netos. Longa vida! ■

ANA ESCUDERO HERNÁNDEZ

PROFESORA DE DEBUXO E PLÁSTICA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA

CONCURSOS PICTÓRICOS E.P.V.

52

Hoxe, precisamente, écheme de orgullo relatar a espléndida traxectoria do alumnado do I.E.S. Lagoa de Antela en cuestións pictóricas, polos moitos e variados premios que ó longo destes últimos 10 anos (dende a miña permanencia no centro) coñezo.

Hoxe, recibimos a estupenda noticia de que un grupo de 3º da E.S.O, composto por Omayra, Sara, Laura e Iago son merecedores dun premio no 22º Concurso da O.N.C.E, elixido entre 593 traballos presentados de 33 centros participantes.

E hoxe, dispóñome a facer un percorrido por eses "outros" premios merecidos, tamén, nestes últimos anos.

Os clásicos son os concursos de Postais do Nadal e Máscaras do Entroido. O que empezou como algo obrigatorio, co paso do tempo, é o máis parecido a unha competición, a ver quen realiza o mellor traballo.

Agora xa non chamamos nós ao periódico para comentar os nosos traballos, son eles os que directamente nos reservan varias páxinas nos especiais, que relatan as nosas exposicións.

Ademais, o Concello toma nota e xa formamos parte dende fai varios anos dos seus programas de Nadal e Entroido como visita obrigada ás exposicións das nosas obras na Casa Da Cultura ou no Museo do Entroido Galego.

Descubrimos moitas veces o emprego de materiais inimaxinables, desenvoltoos con graza e soltura e cunha creatividade inusual, moitas veces, en rapaces e rapazas desta idade.

No 2001-2002 gañamos o primeiro premio do Medio Ambiente de toda Galicia. Alá nos fomos, a Ribadeo, a que Fraga lle entregase o premio a Alejandro, polo estupendo traballo realizado.



1º PREMIO ENTROIDO-06
OMAYRA RODRÍGUEZ-3ºESO

No curso 2002-2003 gañamos o 1º premio do Concurso da Auga, convocado por "La Región", para a provincia de Ourense; entón dúas emocionadísimas Lucía e Leticia (hoxe alumnas de 2º Bach) fóronsenos á Warner Bros, con todos os gastos pagos. Proba diso é un inmenso "Silvestre", que segue acompañando todas as noites o meu fillo cando dorme.



1º PREMIO NADAL-05
OMAYRA RODRÍGUEZ 3ºESO

Tivemos reportaxes, no centro, da TVG, para ver como os nosos alumnos aplicaban as técnicas da "pantalla" en moitos dos seus traballos do Entroido.

1º PREMIO NADAL-05
VANESA RODRÍGUEZ 1ºESO



Aquel si que foi un día emocionante, aquelas conexións en directo e o vernos na tele, foi todo un acontecemento.

Reproducimos obras de moitos pintores, coma Dalí, Van Gogh, Rafael Barradas, Urbano Lugrís, Maruxa Mallo, que hoxe decoran moitas zonas do instituto.

Traballamos técnicas de punto, liña, mancha, cor,



1º PREMIO AUTONÓMICO. 22 CONCURSO ONCE-06
OMAYRA, SARA, LAURA E YAGO-3º ESO

texturas, que tamén expomos enmarcadas por todo o centro, así como gravados con imaxes realmente espectaculares. E por suposto, plasmamos en cartel calquera acontecemento que se preste, dende o día do Medio Ambiente, ó Día da Muller Traballadora, ó Día das Letras Galegas...

Estes rapaces, esta terra, teñen algo... supoño que esa creatividade dalgunha forma esta aí e nesta ocasión e en tantas outras, correspondeulle ao departamento de Plástica e Visual, sacala fóra.



1º PREMIO ENTROIDO-06
ÚRSULA CASADO-1º ESO

Sexa como fose, pero sempre para ben, en moitas ocasións, vímolos recompensados. Iso sempre se converte nun estímulo para que este equipo que, alumnos e profesores, formamos continúe cara a adiante, á espera de novos premios e novas experiencias, sempre coa idea de aprender máis e máis cousas.

Grazas a todos pola vosa participación, algunha que outra vez obrigada... Graciñas de corazón. ■

IRIA PROL CID
ESTUDIANTE DE ENX. TÉCNICA
NA POLITÉCNICA DE VALENCIA

O DESEÑO INDUSTRIAL NOS ÚTIMOS VINTECINCO ANOS.

IRIA PROL CID
EX-ALUMNA DO I. E. S. LAGOA DE ANTELA
ESTUDIANTE DE ENX. TÉCNICA EN DESEÑO INDUSTRIAL NA POLITÉCNICA DE VALENCIA.

FAI 25 ANOS, O CONCEPTO DE "DESEÑO" ERA ALGO QUE NINGUÉN TIÑA MOI CLARO A QUE SE REFERÍA OU PARA QUE SERVÍA. INCLUSO HOXE EN DÍA NON É MOI SINXELO DEFINIR ESTA PALABRA. A VERDADE É QUE SE TRATA DUN CONCEPTO BASTANTE AMPLIO, INDA QUE DESCONOCIDO.

RAMIFÍCASE EN DIFERENTES DIRECCIÓNS: DESEÑO GRÁFICO, INDUSTRIAL, DE INTERIORES, DE MODA, ETC..

NESTE CASO REFERÍMONOS O DESEÑO INDUSTRIAL: ESTA DISCIPLINA EXISTE COMO TAL DESDE FAI APROXIMADAMENTE 10 ANOS; É DECIR, ONDE AGORA EXISTEN

DISEÑADORES, ANTES, ENTRE ARQUITECTOS E ARTISTAS REPARTÍANSE AS MESMAS COMPETENCIAS. POR ESTO EXISTE CERTA COMPETENCIA ENTRE OS PROFESIONAIS DE DIFERENTES SECTORES, ONDE OS DESEÑADORES BUSCAMOS RECOÑECEMENTO. O DESEÑO INDUSTRIAL RODÉANOS: ATÓPASE EN CADA OBXETO COTIÁ, E CONDICIONA AS NOSAS VIDAS MOITO MÁIS DO QUE PENSAMOS.

O DESEÑO CONSTA DE UNHA IMPORTANTE COMPOÑENTE ARTÍSTICA, QUE É A QUE SE ENCARGA DE DAR FORMA OS OBXETOS, BASÁNDOSE NUNHA ESTÉTICA DETERMINADA. SI CABE MÁIS IMPORTANTE, IMPÓNSE O ASPECTO FUNDIONAL, O CAL DÁ VERDADEIRO SIGNIFICADO A UN PRODUCTO, FACÉNDOO MÁIS ÚTIL E CÓMODO. ESTOS DOUS FACTORES UNIDOS, CONSEGUEN CUMPLIR A MÁIS DIFÍCIL TAREFA DO DESEÑADOR: INTERACTUAR CO USUARIO; FACER QUE SE SINTA IDENTIFICADO CON UN PRODUCTO E QUE ÉSTO O IMPULSE A COMPRALO, DENDE UN AUTOMÓVIL ATA O MÁIS MÍNIMO DETALLE COMO PODE SER UN ENVASE DE CHAMPÚ.

NO CASO DE QUE EXISTAN DOUS PRODUCTOS IGUALES, O CONSUMIDOR TENDE A MERRAR O QUE MELLOR APARIENCIA TEÑA, DE AHÍ A IMPORTANCIA DO DESEÑO NO PROCESO DE FABRICACIÓN INDUSTRIAL. A CONTINUACIÓN MÓSTRANSE DIFERENTES PRODUCTOS E A SÚA EVOLUCIÓN DENDE O ANO 1984 ATA ALGÚNS DOS DESEÑOS MÁIS INNOVADORES DE HOXE EN DÍA, NOS CALES SE PODE APRECIAR UNHA IMPORTANTE EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA, E Á SUA VEZ, AS

DESEÑO...



- RELOXOS DE PULSEIRA SWATCH.PRIMEIROS DESENHOS DO GRAFITEIRO E ARTISTA KEITH HARING,SÍMBOLO POP DOS ANOS 80.(1979)
- PROTOTIPO FUTURISTA PARA SWATCH DO DESEÑADOR FRANCÉS ORA-ITO.(2002)



- ASPIRADORA INVENTADA POLO BRITÁNICO JAMES DYSON.FOI A PRIMEIRA QUE APORTOU UNHA POTENCIA DE SUCCIÓN CONSIDERABLE,SENDO ADEMÁS MÁIS CÓMODO E ERGONÓMICO.(1978)
- ROBOT ASPIRADOR.OCUPA MENOS ESPACIO E É MOITO MÁIS MANEXABLE.DE INESSE JUNGREN PARA ELECTROLUX.(2004)



- COMPUTADORA COMMODORE-8032.(1980-84).A PRIMEIRA VERSIÓN DE WINDOWS(1.1)APARECEU EN 1985.
- DESENHOS DE APPLE:IMAC E IBOOK.(FINAL DOS NOVENTA)



- WALKMAN SONY(1980)
- IPOD DE APPLE.(PRIMEIRA VERSIÓN: ANO 2001)

FIXÉRONNOS A VIDA MÁIS DOADA?

AÍNDA QUE AGORA VOS PAREZA MENTIRA, NON SEMPRE ESTIVERON CONNOSCO. AGORA RESULTAN, AS MÁIS DAS VECES, IMPRESCINDIBLES. FORON APARECENDO Ó TEMPO QUE O INSTITUTO SE ÍA FACENDO MAIOR. FIXÉRONNOS A VIDA MÁIS DOADA?



1980



1981



1982



1983



1984



1985



1985



1986



1987



1988



1989



Internet

1991



1990



1993




1994

1995



1992



CANTO CUSTABA?

LENTAS, PERO SEGURAS, A INFLACIÓN E AS LEIS DA OFERTA E DEMANDA FIXERON DAS SÚAS.
HAI 25 ANOS UN CAFÉ CUSTABA O EQUIVALENTE EN PESETAS A O'12 EUROS; AGORA O'80 EUROS.

HAI MÁIS. COMPROBADE O CAMBIO:



UN LITRO DE COCA-COLA	
1980:0,21 EUROS	2005:0,75 EUROS
35 PESETAS	124 PESETAS



UN QUILO DE LARANXAS	
1980:0,29 EUROS	2005:0,75 EUROS
49 PESETAS	124 PESETAS



UNHA CAIXA DE ASPIRINAS	
1980:0,10 EUROS	2005:2,90 EUROS
17 PESETAS	483 PESETAS

58



UN CAFÉ NA BARRA DO BAR	
1980:0,12 EUROS	2005:0,80 EUROS
20 PESETAS	133 PESETAS



O XORNAL	
1980:0,15 EUROS	2005: 1 EURO
25 PESETAS	166,6 PESETAS



UN QUILO DE PAN	
1980:0,27 EUROS	2005:1,95 EUROS
45 PESETAS	324 PESETAS



3 MN DE CHAMADA INTERPROVINCIAL	
1980:0,40 EUROS	2005:0,32 EUROS
67 PESETAS	53 PESETAS



CATRO IOGURES DANONE	
1980:0,28 EUROS	2005:0,93 EUROS
46 PESETAS	155 PESETAS



UN PAR DE "ADIDAS"	
1980: 9 EUROS	2005: 52 EUROS
1497 PESETAS	8700 PESETAS



O COCHE MÁIS VENDIDO
 1980: 2900 EUROS 2005: 18.000 EUROS
 483.140 PESETAS 3.000.000 PESETAS
 SEAT 124 RENAULT MEGANE



CALZÓNS "ABANDERADO"
 1980: 0,85 EUROS 2005: 3 EUROS
 142 PESETAS 500 PESETAS



PAQUETE TABACO RUBIO
 1980: 0,24 EUROS 2005: 2,20 EUROS
 40 PESETAS 366 PESETAS



SALARIO MÍNIMO MENSUAL
 1980: 70 EUROS 2005: 513 EUROS
 11.662 PESETAS 85.465 PESETAS



VALOR CATASTRAL M² MADRID
 1980: 216 EUROS 2005: 2.637 EUROS
 36.000 PESETAS 439.325 PESETAS



UN LITRO DE LEITE
 1980: 0,21 EUROS 2005: 0,95 EUROS
 35 PESETAS 159 PESETAS



MATRÍCULA NA FACULDADE DE DEREITO
 1980: 39 EUROS 2005: 570 EUROS
 6.500 PESETAS 95.000 PESETAS



UN LITRO DE GASOLINA SUPER
 1980: 0,18 EUROS 2005: 1 EUROS
 30 PESETAS 166.6 PESETAS



UN BOLÍGRAFO BIC
 1980: 0,15 EUROS 2005: 0,30 EUROS
 25 PESETAS 95.000 PESETAS

CARME GÓMEZ

PROFESORA DE GALEGO NO I.E.S LAGOA DE ANTELA

ALBUM DE FOTOS

*no medio do mar había unha marcha
había unha marcha no medio do mar
había unha marcha
no medio do mar había unha marcha*



MAREA NEGRA



PERFORMANCE



CADEA HUMANA

NON A GUERRA
NO A LA GUERRA
NO WAR
PAS A LA GUERRE
NÃO A GUERRA
KEIN KRIEG

NON Á GUERRA



TRANDEIRAS



Esculturas de lixo




AULAS ABERTAS



pintando camisetas



EXCURSIÓN A LISBOA



Sintra



Arte na Alfama

CURSO 2003-2004.

OUTRO MUNDO É POSIBEL. O CAMIÑO AO REVÉS



CAMIÑO AO REVÉS



No Cebreiro



De Portomarín a Sarria



Aulas para non esquecer

CABODANO DO PRESTIGE



CURSO 2004-2005.

EXCURSIÓN AO PORTO



Na Torre dos Clérigos



En Guimarães



OSCAR SOTO FERNÁNDEZ

PROFESOR DE GREGO NO I.E.S LAGOA DE ANTELA

AVENTURAS EN EUROPA

Hai dez anos o euro chamábase ecu e non existía. Era una estrañísima unidade de conta que equivalía a unhas 166 pesetas, á que había que transformar todas as cantidades nas follas de solicitude dos programas educativos Comenius.

Marga Ponsetti e eu mesmo decidimos subirnos a un barco imaxinario que tiña como portos de destino Lagonegro en Italia, Vielsam en

Bélxica, Grankulla en Finlandia, e Písek en Chequia. Para todos eles, Xinzo foi tamén un porto de refuxio nas visitas que nos fixeron.

Foron anos de moito traballo (lémbrome dun vídeo que fixemos sen case saber manexar unha cámara) e de visitas, moitas visitas a moitos institutos de Europa tan distintos do noso, nos que unha profesora de francés e un profesor de grego



PROFESORES DO Iº COMENIUS EN XINZO

NO FORO DE ROMA



que falaba francés con acento de Marsella, eran mirados con curiosidade. Aínda se estuda grego en España? Foron anos de pensións e hoteis baratos e de moitas viaxes en todos

os medios imaxinables. Foron anos nos que nos presentabamos unha e outra vez e tiñamos que convencelos de que o galego era unha lingua. Foron anos de descubrímonos mutuamente e comprobar que non eramos tan diferentes.

E un día, Eloi Domínguez e mais eu, chegamos desde Lagonegro a Çifta, unha aldea habitada por albaneses desde a invasión turca dos Balcáns, nas montañas que miran cara ó golfo de Tarento, por riba da antiga Síbaris. E non querían deixarnos marchar e fixéronnos agasallos.

E tampouco quería marchar de Xinzo Anna Vinterová, a directora do instituto checo, quen con bágoas nos ollos brindaba polo seu compatriota Jan-Amos Komensky e coa que botei un vals en Písek, no curso dunha cerimonia de entrega de diplomas ós alumnos do último curso. Con ela, que vivira detrás do telón de aceiro e agora saía por vez primeira á Europa democrática.

Estaban tamén a belga Monique Regnier, que atopou a nosa solicitude en vai saber ti que oficina perdida da Unión Europea en Bruxelas, e chamounos para participar e díxemoslle que si; e Cristine Ericson, que sempre estaba á procura dun raio de sol porque viña dun país nevado. E Frantisek Volldam, que daba clase en zapatillas, igual que todos os

alumnos e profesores do instituto checo porque todos se quitaban as botas cubertas de neve á entrada.

Logo viñeron de intercambio os italianos (Filomena Verbena, amiga inesquecible) e tivemos a Emmanuela Clerici como profesora desa lingua irmá durante uns meses. E chegaron os italianos no Entroido, e ao cabo dunha semana había quen falaba máis galego que italiano. E Michelino, que decidiu deixar de ser uns meses máis tarde.

Foron Pilar Lado e Minia a Finlandia e viñeron contando marabillas do seu sistema educativo e do altísimo nivel dos alumnos e das instalacións das escolas. E seica as invitaron a tomar sauna, coa mesma naturalidade coa que nós saímos a tomar un viño.

Neses anos recollemos unha morea de lendas orais e intercambiámolos. Fotografiamos costumes e arquitectura popular. Estudamos hábitos sociais e gastronómicos e descubrimos que non eramos tan diferentes. Logo Marga foise a traballar a outra parte e a equipa Comenius quedou coxa. E tardou un tempo en se recuperar. Pero apareceu Denys Vignerón, un francés, profesor de español,

fascinado pola España Negra, e quixemos traballar en algo completamente distinto. Chegamos a un acordo: traballariamos na relación existente entre Pintura e Literatura. Holger Dürr uníusenos desde Stuttgart e así naceu este segundo



Comenius, que agora remata.

O instituto de Le Mans ten un piano na cafetería que os alumnos tocan durante os recreos e unha biblioteca magnífica. A esa cafetería e a ese instituto dirixín os meus pasos no 2002, para pór en marcha este segundo programa. Foron tres días intensísimos de reunións e visitas, de discusións e acordos. Denys era moi francés, Holger era moi alemán e eu non sei moi ben o que era, así que dei un puñazo na mesa e dixen, "Ou deixamos de desbarrar e concretamos algo ou marchó!"

Mente práctica, iso foi o que me chamaron. E funcionou. No 2004 visitamos o instituto alemán e agora o programa permitía a visita de ata catro alumnos cos seus profesores. No 2005 recibímolos a todos en Xinzo, que semana! Marabillosa pero esgotadora. Acabamos de chegar hai un mes de Le Mans e París (Museo dos Anos 30, unha xoia descoñecida en Boulogne-Billancourt)

NA ÓPERA DE STUTTGART

E traballamos e convivimos - "O pai da miña traballa na igrexa!". "Normal, é pastor protestante e está casado", dixémoslle á nosa alumna que tan sorprendida estaba, e levamos os alumnos a un dos mellores teatros de ópera de Europa, á Ópera de Stuttgart, e vimos *La*

Bohème, e gustoulles. Achegábase o Nadal e había un mercado e pista de xeo para patinar. E patinaron. Descubriron tamén os expresionistas alemáns, e non sei se lles gustaron. Hai un mes, en Francia, asistimos á versión máis irreverente

do Don Juan de Tirso que un se poida imaxinar, e fixémonos fotos diante da casa onde sucederon os feitos horribles que inspiraron *As criadas* de Genet.

E sentimos que tamén traballaban en mellores condicións e con mellores medios, e que lían a Shakespeare en inglés.

E castelos e Museos. Francia está chea de museos vivos nos que o normal é ver grupos de alumnos cos seus profesores aprendendo a mirar un cadro.

Comenius significa traballo no instituto e fóra del, actuando como ciceróns dos nosos invitados, e apuros, como cando nos deron recortes de periódicos por coroas checas no centro de Praga, e voos baratos a horas intempestivas.

E a idea de Europa prendeu, e fomos xuntos ao rematar o

curso, un ano a Grecia e outro a Italia. E houbo quen cantou no teatro de Epidauró, e quen ía comprar refrescos ó *peristeri* (pomba) no canto de ir ó *períptero* (quiosco), e houbo tamén quen se bañou nas fontes de Roma -benditas fontes!- para apagar a terrible calor, e quen percorreu a pé todos os mos-



Estudio de Rafael Barradas (1918)
Recreación: Aroa García Morales. 3º ESO



Calle de Barcelona a la 1 p. m. de Rafael Barradas (1918)
Recreación de Beatriz Conde Alvite. 3º ESO

teiros de Escópelos porque -e dígovos a verdade- nunha illa grega pequena, ao terceiro día, non hai nada que facer. E Pompeia, Atenas e Nápoles, Delfos -nun autobús con labregos que levaban pitas en caixas-, Exina e Micenas. Uns eran



TRABALLOS
REALIZADOS
POR ALUMNOS
DO I.E.S

Suburbanización de París (1900)
Recreación: Xosé María Fariñas
1º Bachello

bañistas e outros arqueólogos, pero despois de xantar, todos durmiamos a sesteabaixo dos piñeiros. E Susana Rivera fixo intercambios con Francia e nesta trasfega levamos o mellor de nós e trouxemos o mellor deles. E vimos que non eramos tan diferentes.

E logo chegaron dous lectores, Nuno desde Portugal e Celine desde Francia, e creo que nunca esquecerán os oito meses que pasaron entre nós. Por todo isto esperamos ter algo de responsabilidade na construción de Europa, que para iso son estes programas. ■

ERNESTO LARREA

PROFESOR DE EDUCACIÓN FÍSICA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA

“MENS SANA...”

Cada vez xorden máis voces que alertan do sedentarismo do noso alumnado e das súas consecuencias negativas. Nesa fronte atopámonos os profesores de Educación Física e a nosa materia.

Os profesores de Educación Física empregamos distintas ferramentas, sempre relacionadas co corpo e a actividade motriz, que contribúen ó desenvolvemento persoal, a unha maior calidade de vida e a un emprego construtivo do tempo de ocio.

Desde este postulado, o deporte xoga un papel fundamental. Non se pode esquecer que este é entendido a nivel social como a forma máis común de realizar actividade física.

Poderíamos, xenericamente, definir o deporte como unha actividade física lúdica, regrada e competitiva. Nas nosas aulas empregamos habitualmente o deporte pero sobre todo desde un punto de vista cooperativo e non competitivo. Agora ben, non esquecemos o compoñente competitivo do deporte e

intentamos que os nosos alumnos o coñeceran participando ó longo destes anos nunha serie de competicións extraescolares.

No ano 2000 incorporáronse ó centro un grupo de alumnas que tiñan participado con éxito en competicións escolares de voleibol no colexio Rosalía de Castro e querían continuar adestrando e competindo. Eran de categoría cadete e, a ese nivel, a competición realízase nunha liga federada, o que comporta xa a creación dun club, fichas, desprazamentos e demais. Pero, sobre todo, o compromiso coas esixencias que a participación en competición ten: esforzo e aproveitamento do tempo para adestrar e competir...sen deixar de estudar.

Este foi o xerme. Ó ano seguinte o grupo pasou a competir en categoría xuvenil e, ó seu ronsel, máis alumnas se foron sumando. Chegamos a ter tres equipos en competición.

A inercia deste movemento fixo que nos inscribíramos noutras competicións: campo a través, bádminton e tenis de mesa.

Lembro algúns sábados de intensidade extrema nos que, aproveitando o desprazamento subvencionado dalgún equipo, empregabamos o mesmo autobús para trasladar a varios, que competían ó mesmo tempo e non sempre nos mesmos lugares. Con todo, vivir co alumnado esa experiencia, participando das súas ilusións, das súas inquedanzas e, por que non dicilo?, dos seus éxitos, é tremendamente gratificante. Paga a pena incluír o cadro seguinte porque nel veranse reflectidos aqueles que tan ben nos teñen representado:



PERIODO 2000-2006

VOLEIBOL

CATEGORÍA CADETE: *Un 3º e un 4º posto a nivel provincial*

CATEGORÍA INFANTIL: *Un subchampionato provincial e 2 cuartos postos*

CATEGORÍA XUVENIL: *Un campionato provincial (invictas na liga)*

BADMINTON:

CATEGORÍA INFANTIL:

Un campionato provincial e un subchampionato na categoría de dobres

Un subchampionato e un cuarto posto na categoría individual.

CAMPO A TRAVÉS: *Un terceiro posto a nivel provincial en CATEGORÍA FEMININA e tres cuartos postos tanto en CATEGORÍA FEMININA como MASCULINA.*

TENIS DE MESA: CATEGORÍA INFANTIL MASCULINA:

Campionato e subchampionato provincial na modalidade individual.

Campionato provincial na modalidade de dobres ■

LEMBRÁMONOS



Do bo, do non tan bo, dos aprobados, dos suspensos, das risas, dos choros... e aínda así repetiríamos.

O instituto, ese sitio do que todo o mundo desexa saír cando está alí e eses amig@s, esa época, ese ambiente que despois tod@s lembramos con nostalgia deixará sen dúbida para sempre rastro na nosa personalidade; porque se algo é certo é que ademáis de académicamente tamén te formas ideoloxicamente.

Non só che ensinan latín ou matemáticas, senón que tamén aprendes a ser crític@ e analizar o mundo que te rodea a partir dos acontecementos que durante ese longo lustro se irán sucedendo e que forman parte desa historia non estudada.

Non é sinxelo resumir nunha folla todos os cambios que alí experimentas, pero habelos hainos. Chegas con doce anos medio aparvad@ e saes con dezaioito ben espabi-

lad@ e teoricamente preparad@ para unha vida de autocontrol na que só ti es responsábel dos teus actos. Pero antes de todo isto...a despedida final, esa cea da que recordarás menos do que che gustaría, esa noite mítica da que todas as xeracións falan ano tras ano: A *última cea*(;-p), eses últimos intres con aqueles cos que durante seis anos medraches e tamén en ocasións cos que aprendiches.

Acabas de rematar o que comezaras naquel afastado setembro e decátaste de que non todo era tan difícil como parecía, de que con aquel profesor/a tamén foi posíbel aprobar e de que tamén ti serás capaz de enfrontarte á temíbel selectividade.

Aqueles catro paredes entre as que durante seis anos aprendiches xa non te volverán acompañar na túa rutina diaria.

E tralo instituto...unha nova etapa: a universidade; e outra vez o mesmo ciclo (novos amigos, novos cambios), pero desta vez de forma independente. Son moitos os que durante a súa estancia no instituto desexan chegar a ela e cumprir sen límites todo o que antes lles fora prohibido. Sen horarios, sen pais e estudando só o que che gusta; nese aspecto non te sentirás defraudad@. Pero tamén te atoparás con sorpresas, unhas agradábeis e outras non tanto. Entre as primeiras as festas, como San Pepe ou San Teleco, e o feito de que as saídas nocturnas se amplien ós xoves. As segundas...son máis escasas.

E xa para finalizar, gustaríanos dedicar este artigo a todos os que algunha vez pasaron, ós que pasarán e por suposto ós que aínda estades no centro, pero especialmente a aqueles e aquelas que no 2004-2005 cursaron 2º de Bacharelato, xa que o ano pasado, rompendo coas regras, non tivemos o noso oco na revista para despedirmonos. ■

ANA ESCUDERO HERNÁNDEZ

PROFESORA DE DEBUXO E PLÁSTICA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA

A BIBLIOTECA: ¡ESA GRAN DESCOÑECIDA!

68

É evidente que a biblioteca deste centro educativo comezou a súa andaina á vez que o instituto.

No entanto, existen na actualidade claras diferenzas entre "ela" e o edificio no cal se encontra.



Para a miña sorpresa, xa pasaron dez anos e durante este tempo, case sen darme conta, involucreime tanto con este "lugar" do centro, que case o coñezo palmo a palmo.

As instalacións co paso destes 25 anos evolucionaron, transformáronse, ampliáronse, modernizáronse e creceron, mesmo certas zonas "se reformaron"...

Chegados a este punto, eu preguntome, ¿Que pasou coa

biblioteca?. Certamente a evolución, a transformación, a modernidade, o crecemento, non é o que precisamente cambiou na nosa biblioteca co paso do tempo. Todo o contrario, parece ancorada no pasado, e o tempo, o que se di o tempo, non é o que pasou por ela.

Hai dez anos, cando cheguei destinada a este centro, descubrí o pouco ou case nada que da miña especialidade, Debuxo, había nesta "dependencia". Propúxenme, entón, ampliar a dotación do meu departamento, pois paréceme esencial poder documentarse nun momento dado, con certa variedade de libros, referidos á miña materia ou a calquera outra.

Ata o momento, a nosa biblioteca, foi en moitas ocasións lugar de castigo, expulsións ás veces, zona de estudo e, de vez en cando, lugar onde poder encontrar o libro de lectura "obrigado" que moitos "profes" vos pedimos ler.

Porén, direi que a biblioteca do noso centro, aínda que non o

o pareza, é moito máis e por fin está a cambiar.

Á vosa disposición tendes máis de 11.200 volumes de todas as materias: Arte, Filosofía, Galego, Ciencias, Matemáticas, Música, Inglés... Dispoñedes de dicionarios, enciclopedias, lectura xuvenil... que podedes consultar na sala durante os recreos.

E agora que cumprimos 25 anos, POR FIN, a nosa biblioteca modernizouse e as novas tecnoloxías xa chegaron a ela.

Dende o día 23 de Marzo de 2006 témola colgada na rede, e podedes visitala dende a páxina web do instituto; ademais ofrecemos tamén moitos enlaces moi interesantes que de seguro vos han facilitar traballos, consultas ou simplemente espertarán a vosa curiosidade.



Outra novidade é que a partir do próximo curso, ides poder reservar un libro dende calquera computador, dende a vosa casa, dende un ciber, por fin iso tamén será posible.

Xa temos colgada na nosa biblioteca virtual máis de 400

libros, dos cales podedes facer todas as consultas que estimedes oportunas, podedes opinar, elixir... o que vos pareza mellor, por exemplo.

Anímovos dende aquí a que participedes nesta nova etapa que nos ofrece a biblioteca do noso centro, con



suxestións, opinións, ou o que en calquera caso vos pareza interesante.

Estou segura de que "ELA" volo agradecerá, está desexando que a coñezades en profundidade, seguro que non vos defraudará, ¡Dádelle unha oportunidade!, non vos arrepentiredes.

Dende as páxinas da revista, mándovos un saúdo e agardovos a todos os que queirades na biblioteca do noso centro. ■

JULIO GÓMEZ

PROFESOR DE LINGUA E LITERATURA NO I.E.S. LAGOA DE ANTELA

PLANO DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNO INMIGRANTE

1º PREMIO DE INNOVACIÓN
ACADÉMICA 2004


70

Se les o artigo que vén a continuación poderás axudar a integrar os compañeiros que nos últimos anos están a matricularse no Instituto e que proceden doutros países e culturas diferentes.

Sabes que na actualidade conviven no IES Lagoa de Antela trece nacionalidades diferentes?

UNHA NOVA REALIDADE.

Asistimos a unha crecente pluralidade sociocultural derivada, en parte, polos movementos migratorios que se están a producir nos últimos anos. Como datos significativos, podemos dicir, que no Concello de Xinzo viven máis de seiscientos inmigrantes, procedentes de países tan diferentes



como Marrocos, Colombia, Cuba, Paquistán ou Romanía. A poboación inmigrante representa hoxe un seis por cento do total da poboación do Concello.

No noso Instituto a situación é semellante, como é lóxico, e a realidade varía tamén, na medida que varía na Limia. Chegan cada ano alumnos procedenes dos países e das culturas máis diferentes e afastadas. No curso 2004-2005 eran vinte e seis os alumnos de procedencia estranxeira, fundamentalmente de Marrocos, aínda que convivimos trece nacionalidades distintas. Unha pequena ONU!

Para todos nós esta situación supón un reto: a integración académica, social e humana dos novos compañeiros á vida cotiá do Centro.

PLANO DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN DO ALUMNO INMIGRANTE

Algúns profesores, xa hai un tempo, decidiron formar un Grupo de Traballo que tería como misión fundamental elaborar un documento que facilitase a dita integración. O traballo final títulase: Plano de acollida e integración do alumno inmigrante.

O traballo consta de doce Unidades Didácticas. As cinco primeiras elaboran un plano de acollida que se refire ao ámbito social da integración e as sete restantes teñen como misión facilitar a integración lingüística do alumno. Pasamos a explicalo polo miúdo.

TODOS PODEMOS AXUDAR.

O proceso de integración comeza dende o primeiro día que o novo rapaz vén a matricularse no IES Lagoa de Antela. Pensamos, e estaredes de acordo con nós, que o futuro alumno e o seu titor legal (o pai, a nai...) deben comprender os documentos que teñen que asinar: as bases da matrícula, ou o esquema do Sistema Educativo español, por exemplo; o Instituto dispón da meirande parte da documentación empregada, traducida ao inglés, ao francés ou ben ao árabe.


O alumno inmigrante vive unha situación moi concreta e precisa da comprensión de todos os que o rodean. Na

boa acollida do compañeiro debemos participar todos. Aparece, así, a figura do alumno titor, é dicir, algún de vós, que sería o encargado de amosarlle as instalacións do centro, de indicarlle cousas tan sinxelas pero tan importantes coma o horario de clases, resolverlle posibles dúbidas sobre os libros de texto ou sobre o material didáctico... e sobre todo, o alumno titor sería o encargado de presentarles o novo rapaz aos compañeiros de aula. Consequiríamos deste xeito evitar un risco moi importante: o illamento de quen nin coñece o noso contorno nin a nosa lingua.

DE EMIGRANTES A RACISTAS?

De emigrantes a racistas? é o título doutra das partes do documento, na que se recorda a todos nós que Galicia foi un país no que moita xente tivo que emigrar; xente que se viu na obriga de abandonar parentes e casa, na procura dun benestar que aquí non atopaba. Se nos pedisen que elaborásemos unha

árbore xenealóxica da nosa familia atoparíamos, sen dúbida, nunha ramiña algún familiar que emigrou a un país afastado de



América ou que buscou a vida en Europa. Estamos seguros de que vos gustaría que o dito familiar, fose recibido, no seu tempo, con respecto e agarimo. Agora temos nós a oportunidade de recibir ben os que nos visitan.

Son moi importantes os obxectivos que se perseguen para unha convivencia pacífica:

- Identificar as causas sociais que xeran violencia (p.e. discriminación).
- Recoñecer que as actitudes violentas se aprenden.
- Coñecer as causas, natureza e consecuencias da inmigración.
- Analizar as diversas propostas de solución fronte ao reto dos movementos migratorios e dos refuxiados.
- Identificar a penosa situación na que viven moitos inmigrantes no noso país.

Como podo axudar para evitar a discriminación dos novos compañeiros? Hai formas moi sinxelas para participar na integración da que estamos a falar.

"Para enterarse do que di un crego, os galegos van á


misa dúas veces" , "Unha flotiña de ovnis aterra en Galicia... Marcharon case ao momento ao non atopar vida intelixente" son exemplos de chistes que teñen como protagonistas ós galegos. Son burlas e escarnios que a xenofobia e o racismo usaron contra grupos humanos diferenciados. Infundios que se

empregaron contra xudeus, polacos ou negros. Seguro que coñeces algún, pero seguro tamén que non che gusta o máis mínimo converterte en protagonista directo deles. Evita os chistes, as burlas e as expresións racistas.

Tamén os profesores poden axudar. Unha parte destacada do traballo vai dirixida a eles. É moi importante coñecer os novos alumnos dende o punto de vista da súa vida académica. Que estudaron no seu país? Como é o sistema educativo de procedencia? É similar ao español? Que materias estudan? Que lle pide un pai ou unha nai ao sistema educativo? Que espera o novo alumno del? Algunhas respostas pódense atopar no traballo que agora estamos a presentar.

INTEGRACIÓN LINGÜÍSTICA

A integración lingüística ten un valor incalculable. No Instituto hai profesores que se dedican a ensinalles aos alumnos inmigrantes un idioma (galego ou castelán) que lles permita entenderse con nós. Os profesores atopan unha serie de consellos que poden axudarlles no labor da aprendizaxe do novo idioma. Sabías que en árabe non se escriben as vogais



átonas? Que o artigo non sinala o masculino ou o feminino? Que en árabe se empregan moi pouco os signos de puntuación? Se o profesor que ensina o galego (ou o castelán) sabe estas cousas poderá avanzar moito na súa tarefa de ensinar-lles aos alumnos a nova lingua dun xeito moito máis efectivo.

Sete son as unidades didácticas adicadas á aprendizaxe da lingua. Están organizadas segundo unha orde lóxica de dificultade progresiva. O alumno aprenderá o vocabulario do contorno, da vivenda, das comidas, do tempo ... Aparecen tamén exercicios de Cálculo, de Xeografía,

coñecementos de Historia. Queremos que o alumno adquira saberes que poidan servirlle no futuro na súa vida social e laboral e no seu desenvolvemento como persoa. Queremos sinalar que nós intentamos coñecer o alumno inmigrante; agora queremos que el nos coñeza un pouco a nós. A derradeira das unidades titúlase Viaxe por Europa. A través das principais iconas da cultura europea os alumnos poden visualizar a arte, as tradicións, as festas ou as relixións que moitos practican no noso continente. Coñecemento que persegue a tolerancia de


todos, a convivencia pacífica nun mundo variado e pluricultural. Temos que pensar que Europa é para eles, tamén, a súa nova patria.

Non podemos rematar o artigo sen mencionar a palabra máis importante de todas: Paz. Cítase a continuación un pequeno parágrafo que é o resumo e a intención última de todo o traballo:

"Entendemos a educación para a Paz como un proceso educativo, dinámico, continuo e permanente, fundamentado nos conceptos de paz positiva e do conflito, como elementos significativos e definidores que pretende desenvolver un novo tipo de cultura, a Cultura da Paz, que axude as persoas a desvelar criticamente a realidade, para poderen situar diante dela e actuar en consecuencia". ■

O Plano de integración recibiu o 1º Premio á Innovación Educativa 2004.

O COORDINADOR DO GRUPO DE TRABALLO



APRENDER UN OFICIO NO IES



Ó asumir que non todo o alumnado é quen de acadar os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, o IES Lagoa de Antela pretendeu ofrecer unha alternativa válida que nos permitise proporcionarlle a ese grupo de alumnos e alumnas unha formación básica e profesional que lles facilite a incorporación á vida activa ou, mesmo, proseguir os seus estudos nas distintas ensinanzas regradas, especialmente na formación profesional específica de grao medio.

Na medida en que nun instituto do antigo BUP, como o noso, non había "talleres", tivemos a idea de aproveitar as instalacións recentemente estreadas trala incorporación do alumnado do 1º ciclo da ESO, e solicitar a posta en marcha dun Programa de Garantía Social de "Axudante de cociña e restauración".

Desde a súa posta en marcha, vai xa para cinco cursos, suman máis de 50 os alumnos e alumnas ós que se lles



acolleu unha formación integral necesaria para posibilitar unha inserción social e laboral satisfactoria. Ademais o PGS converteuse nun núcleo de integración, na medida en que acolleu, xunto con alumnado procedente da comarca, un significativo número de alumnos inmigrantes - tanto marroquís como sudamericanos-, e tamén alumnos con necesidades educativas especiais que puideron ver reforzada a súa autoestima cumprindo con plena satisfacción as esixencias do programa.

Con todo, o número de alumnos que demandan un Programa de Garantía Social é superior ás prazas que nós podemos ofrecer na cociña do instituto. Por outra banda, non todos os alumnos ven na cociña unha resposta válida ós seus intereses e inqueданzas. Pensando neles, o IES ofrece tamén outra modalidade de formación consistente na suscripción, por parte do centro, dun convenio de colaboración con distintas empresas do contorno que aceptan alumnos do instituto durante un curso e comprométese a desenvolver con eles programas de formación profesional específica. Nas aulas reciben, de xeito paralelo, a imprescindible formación básica.

Hoxe podemos enorgullecernos de ter cinco antigos alumnos que, rematado o programa, se converteron a todos os efectos en traballadores da empresa que os formou: dous talleres de chapa e pintura, e outros tantos de carpintería de aluminio. Este éxito é, xa que logo, compartido coas empresas que viñeron prestándonos colaboración e ás que queremos render desde aquí unha merecida homenaxe: Chapistería Quintas, Chapistería 2000. ■





¿Lembrades aquela adolescencia compartida no Instituto?

¿ E aqueles xogos, que por fin comezaban a ser "maduros", no patio cuberto?

¿E os primeiros bicos, con cheiro a raxo con queixo e ketchup, na cafetería afumada cos pitillos iniciais?

¿E os partidos "chicas contra chicos"? ¿ 1º A contra 1º B?

¡Claro que lembramos! Isto todo e moito máis:

Os alcumes dos profesores... os favoritos, os pesados...

Os primeiros exames nerviosos (con ou sen chuleta), os últimos apurados e ilusionados (¡por fin as vacacións de verán!).

A festa de Entroido, o festival de Nadal, as primeiras representacións teatrais...ilnesquecibles escasos eventos extraescolares!

E, ¿como non? As primeiras *pellas*: "a última copo porque teño mates ¿veste comigo ó sol?" ¡ Como non! Ó sol e a onde faga falla: á sala de máquinas, ó *semas*, á *boisite*, ó *gallego*...

Iso si, sempre ás agachadas, ¡ non fora ser que nos descubrise alguén!

Pero o peor era cando chegaban as faltas de asistencia por correo á casa...¿como xustificarlle a papá vinte nunmes? Iso sen contar coas ausencias a clase xustificadas cunha nota falsificada por unha amiga que imitaba xenial a caligrafía e a sinatura de mamá.

¡ Canto desexabamos entón rematar! Ir dunha vez á universidade, empezar a traballar... Agora nesta realidade laboral derrotamos o aburrimiento recordando aqueles momentos (quizais idealizados pola distancia) e xogando (aínda e por moito tempo), cos amigos daquela e de agora.

¡Feliz cuarto de século querido instituto!

¡ Felices 25 anos compañeiros! ■

RAQUEL CARRASCO BAILÓN
XORNALISTA

COMO RESUMIR...



Como resumir...

Dende que hai unha semana me ofreceron a posibilidade de escribir algo sobre os meus anos de "colexiala" no instituto, non deixo de pensar en como se pode sintetizar todo o vivido nesa época, unha das máis doces das nosas vidas.

Como resumir nun pequeno parágrafo todas aquelas vivencias e experiencias cargadas de emocións, os risos e as bágoas, as ledicias e decepcións dun tempo que contribuíu a que nos converteramos no que agora somos e que no seu momento supuxeron a nosa iniciación ó mundo real, a aquel mundo "dos maiores" do que desexabamos formar parte e dende o que agora, ó botar a vista atrás, apreciamos o pasado cunha significación especial?.

Cando penso nos bocadillos de touciño con queixo dos recreos, nas carreiras entre a xeada pola recta para chegar a primeira, nas horas libres disfrutadas ó sol, nos tranquilos paseos cara ó intituto en primavera ou nas apuradas carreiras para subir á clase despois de que soase o segundo timbre, non podo deixar de esbozar un sorriso de nostalxia polo que non volverá.

Ó recordar os nervios previos ós exames, a ansiedade en espera da carta das faltas a principios de mes ou as suores cando nos pillaban "copando", non podo tampouco deixar de sorrir, pero esta vez con certo grao de ironía e condescendencia ó anhelar que todas as tribulacións que agora nos quitan o sono fosen como aquelas.

E ó rememorar aqueles momentos recordo tamén todas aquelas persoas que naquel tempo formaron parte da miña vida e ós que tamén lles debo moito do que agora son. Algúns deles seguen sendo imprescibibles na miña vida adulta, outros foron caendo no esquecemento e da maioría lémbrome de vez en cando en situacións do máis inverosímiles. E aínda que agora cada un vaia polos seus derroteiros, sei que no fondo todos nos lembramos de todos e que, aínda que só sexa un pouquiño, todos aprendemos algo dos demais.

Por iso quero agora darvos as grazas a todos, dende os profesores ata os condutores, pasando polos bedeis e os camareiros, sen esquecer os compañeiros, amigos e colegas, que contribuístes a que os meus anos mozos fosen tan especiais e que agora, dende o afastamento, me lembre tanto deles. ■

1994-1998



I.E.S. Lagoa de Antela

Xinzo de Limia (Ourense)

Avd. De Ourense, 184

Tlfs.: 988462454 Fax.: 988462337

E-Mail: ies.lagoa.antela@xunta.es

Dende a prehistoria, o ser humano deixou pegada da súa presenza. Naqueles tempos, debuxaba a silueta das mans como un sinal de afirmación e de recordo. Hoxe persiste o mesmo sentimento. Por iso se utilizan marcas e símbolos. A marca é un sinal, un trazo distintivo que forma parte dunha mensaxe visual de afirmación, de aviso ou de diferenciación, mentres que o símbolo é a imaxe que representa unha idea, un recordo ou un sentimento. Da unión de marca como mensaxe de diferenciación e de símbolo como representación dunha idea xorden os "símbolos de identidade corporativa", tamén chamados logotipos ou anagramas.

Hai uns anos, sendo profesor de Plástica no I.E.S. Lagoa de Antela, convidáronme a realizar o deseño do seu logotipo. Foi un proceso creativo desenvolvido nun ambiente favorable e sen estar supeditado en absoluto a ningún condicionante estético ou formal. Polo tanto tiven enteira liberdade na elección das formas e dos motivos que nel interveñen.

No Logotipo do Instituto están representados tres conceptos interconectados; por unha banda, o lugar xeográfico en que se atopa o centro, a comarca da Limia. Por outra, o seu nome, que fai referencia á desaparecida lagoa, e por último, e de forma máis emblemática e abstracta, a da activida-

de pedagóxica que nel se desenvolve...

A primeira idea está representada por unha marcada liña horizontal. Unha das características visuais que máis me chamaron a atención cando cheguei por primeira vez ao instituto é a enorme extensión de terreo chan que o rodeaba. Co tempo, fun sabendo que antigamente toda esa chaira fora unha extensa e frutífera lagoa natural. Do nome "Lagoa" xorde a segunda idea. A imaxe dunha árbore reflectida na auga. E a árbore, á súa vez, constitúe o elemento principal da terceira idea.

Cando se vai realizar o logotipo dunha empresa, pódese tratar de representar a actividade que esta desenvolve, ou ben, compoñer unha imaxe co seu nome ou as súas iniciais. Tratándose dun centro educativo, quixen fuxir dos tópicos e imaxes estereotipadas que poden acompañar a actividade docente. Para iso elixín unha mancha que representa un carballo. Ademais de estar intimamente unido á paisaxe e cultura deste país, considero que unha árbore pode ser unha metáfora visual moi acertada da transmisión do coñecemento. Á súa vez, ensinar pode ser proxectar, reflectir, da mesma forma que a nosa árbore reflicte a súa imaxe sobre a auga ou proxecta a súa sombra sobre unha superficie, agora seca.

Uns anos despois, novamente recibo a invitación de participar nas actividades do Instituto, nesta ocasión co gallo do seu 25 aniversario. Neste texto pretendín explicar brevemente as motivacións que me levaron a realizar este logotipo. Transcorrido este tempo, ao meu entender, segue sendo válido, tanto a nivel estético como a nivel interpretativo. Só me resta engadir unha última xustificación que, sen restarlle validez ás anteriores, ten sen dúbida especial importancia. Dende a primeira vez que cheguei a Xinzo para impartir clases no Instituto comprobei como a miña sensibilización e aprecio cara á natureza e, sobre todo, cara ás árbores foi medrando a medida que os ía descubrindo. É, tamén, a realización deste logotipo un modesto agradecemento a un amigo. ■

ASÍ SOMOS HOXE ...

78

MA^A JOSÉ LÓPEZ, SARA VÁZQUEZ, XOSÉ CAMPELO, BELÉN CASTRO, ANA ESCUDERO, JAIME COLLAZO, PILAR CID, ANA SARRIA, DOLORES GARCÍA, HERMINIA FIDALGO, EULALIA DELGADO, MANUEL BARXE, SANTIAGO GONZÁLEZ.

SOPHIE MOMBOISSE, MARÍA LUISA GARCÍA, BEGOÑA LABRADOR, MIRIAM CASTRO, JOSÉ MANUEL CAMBA, RAMÓN ESTÉVEZ, JOSÉ ANTONIO ALONSO, TOMÁS GARCÍA, MANUELA FIZ, UXÍA NOGUEIRA.

PACO LAMA, JOSÉ RAMÓN GONZÁLEZ, NATIVIDAD RIVERO, PURIFICACIÓN CID, XULIÁN VÁZQUEZ, XOSÉ CACHEIRO, XURXO FREIJIDO, MANUEL ANXO GARCÍA, LUIS ÁLVAREZ, MARÍA FERNÁNDEZ, PILAR BARANDELA, CARME GÓMEZ.

CONCEPCIÓN GUERRA, ROBERTO CID, TERESA ROUCO, XESÚS VÁZQUEZ, JULIO GÓMEZ, PABLO SÁNCHEZ, ÓSCAR, SOTO, JOSÉ LUIS MENOR.

FALTAN: ISABEL GARCÍA, MAR FERNÁNDEZ, CARMEN LLANO, GUMERSINDO GÓMEZ, CARMEN CID, AGUSTINA RODRÍGUEZ, JORGE PAZ, ANA BELÉN MARTÍNEZ, JOSE ANTONIO CARVAJALES, ERNESTO LARREA, JAVIER RODRÍGUEZ, MIGUEL GONZÁLEZ, JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ, TERESA DOMÍNGUEZ, NATALIA ALONSO, MONTSERRAT PÉREZ, MARÍA J. FERNÁNDEZ.



ASÍ SOMOS HOXE ...

PROMOCIÓN 00-06

RUBÉN, ANA, ALBA, LETICIA, PATRICIA, MARÍA,
ALBA, LOLA, TAMARA, SILVIA, SANDRA, ZINAI-
DA, NOELIA, SAMANTA, NOELIA, LUCÍA, MARY,
LUCÍA, LIDIA, JOSÉ MANUEL, ROMÁN, ADRIÁN,
ALBA, UXÍA, TAMARA, DANIEL, ALEJANDRO,
JAVIER, MANUEL JAVIER, ALFONSO, THAIS,
LISARDO, MIRIAM, TANIA, FERNANDO, QUI-
QUE, CRISTIAN, BORJA, JOSÉ MANUEL, NOEMÍ
E TANIA.



a n i v e r s a r i o

